

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 5 de novembro de 2007

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a Elena Maure Noia
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D^a Carmen Silva Rego

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira

D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dous minutos do día cinco de novembro de dous mil sete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Figueroa Dorrego.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1982).- CONVALIDACIÓN DE GASTO POR IMPORTE DE 882,75 € A FAVOR DE “EL MOLINO” POLO SERVIZO DE CATERÍNG CON MOTIVO DAS VI XORNADAS DO PLAN LOCAL SOBRE DROGODEPENDENCIAS. EXPTE. 26283/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 22.10.07, e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Acción Social, do 26.09.07, conformado pola concelleira delegada de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Convalidar as actuacións de gasto realizadas sen fiscalización previa, que figura na factura número A / 700435 de “EL MOLINO”, CIF B36935831, con data no Rexistro Xeral o día 25/05/2007, por un importe total de 882,75 €, en concepto de prestación do servizo de catering con motivo da celebración das VI Xornadas do PLDA, o día 4 de Maio de 2007, con cargo a partida 3130.2270608 “ Contrato Menor servizos VI Xornadas do Plan Local sobre Drogodependencias e Outras Adicións do Concello de Vigo” do programa presupuestario da Concellería de Benestar Social para o Exercicio 2007.

2º.- Recoñecer a obriga a favor de “EL MOLINO”, CIF: B36935831, por un importe total de 882,75 €, en concepto de prestación do servizo de catering con motivo das VI Xornadas do PLDA, o día 4 de Maio de 2007, con cargo a partida 3131.2270608 “ Contrato Menor servizos VI Xornadas do Plan Local sobre Drogodependencias e Outras Adicións do Concello de Vigo” do programa presupuestario da Concellería de Benestar Social para o Exercicio 2007.

3º.- Aboar á “ El Molino”, CIF: B36935831, por un importe total de 882,75 €, con cargo á partida 3131.2270608 “ Contrato Menor servizos VI Xornadas do Plan Local sobre Drogodependencias e Outras Adicións do Concello de Vigo” do programa presupuestario da Concellería de Benestar Social para o Exercicio 2007.

2(1983).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS DURANTE O MES DE MARZO E ABRIL DE 2007 POLO SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL. EXPTE. 21421/301.

Cumprindo coa base 31ª das bases de execución do presuposto en vigor, a concelleira delegada da Área de Benestar Social dá conta da relación de contratos menores tramitados polo servizo de Benestar Social durante os meses de marzo a abril de 2007, que son os seguintes:

DATA	CONCEPTO	PARTIDA	Nº OPERACIÓN	IMPORTE EUROS	TERCEIRO
26/03/07	CONEXIÓN ALARMA CD “ATALAIA”	2130000	200700019322	287,68	SEGURIDAD J.L., S.L.
04/04/07	ATENCIÓNS PROTOCOLARIAS	2260100	200700021203	6.000,00	VARIOS
20/04/07	PUBLICACIÓN AXUDAS ESCOLARES	2260200	200700024262	9.871,60	PUBLITIA, S.L.
14/03/07	CATERING CLAUSURA ACTIV. MAIORES	2260804	200700016643	2.337,50	DOLORES FERNÁNDEZ, S.L.
21/03/07	VIAJES EN BARCO MAIORES	2260804	200700018114	12.000,00	VIAJES HALCÓN
21/03/07	PROGRAMA BALNEARIOS MAIORES	2260804	200700018115	12.000,00	VIAJES HALCÓN
13/04/07	PRESENTACION PROGRAMA MAIORES	2260804	200700022008	4.494,00	NOVA OLIMPIA DE VIGO
13/04/07	DOLORES FERNANDEZ E HIJOS, S.L.	2260804	200700022009	1.530,10	DOLORES FERNÁNDEZ E HIJOS, S.L.
19/04/07	BAILE MAIORES EN ASOC. MAIORES	2260804	200700024102	1.400,00	Mª JESÚS AGUILAR CARBONELL
29/03/07	PRODRUC. E XESTIÓN VI XORNADAS DO PLDA	2270608	200700019817	9.936,06	ESTINGA SERVICIOS SOCIALES, S.L.
13/04/07	GASTOS VARIOS EQUIPO PLDA	2270608	200700022010	300,00	VARIOS
29/03/07	PROXECTO AUTONOMIA PERSONAL	2270609	200700019781	6.010,12	ASOCIACIÓN DOWN VIGO
29/03/07	PROGR. RESPIRO FAMILIAR	2270609	200700019849	12.000,00	FUNDACIÓN MENELA
12/04/07	CAMPAMENTO URBAN RAPACES DISCAPITADOS	2270609	200700021945	6.000,00	ASOC. HOY POR MAÑANA
30/04/07	CATERING ORGANIZACIÓN II FORO DE EMIGRACIÓN DE GALICIA	2270609	200700026493	7.583,62	DOLORES FERNANDEZ E HIJOS, SL
30/04/07	CARTELES II FORO DE EMUIGRACIÓN DE GALICIA	2270609	200700026494	611,19	TORCULO ARTES GRAFICAS, S.A.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

3(1984).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CO FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE PARA O FOMENTO E A HOMOLOGACIÓN DAS POLÍTICAS MUNICIPALISTAS DE COOPERACIÓN Ó DESENVOLVEMENTO. EXPTE. 21687/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable, do 2.10.07, e de acordo

co informe-proposta da xefa de Sección de Planificación de Servizos Sociais, do 18.09.07, conformado pola concelleira delegada de Benestar Social e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.-Aprobar o texto do convenio de colaboración co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, segundo as estipulacións que nel figuran.

2º.- Aprobar ogasto total do importe da subvención de 64.000 € dos que 60.000.- € se destinaran a promoción de actividades das ONGD e 4.000,- a sensibilización e difusión e/o axudas urxentes co cargo a partida 3130.4800001.

3º.- Autorizar a Delegada da área de participación cidadá Marta Iglesias Bueno a asinar o presente convenio co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

4º.- En cumprimento da cláusula 6ª do convenio, nomear a Dª Mª José Thomas Berbén como Técnica municipal responsable para integrarse na Ponencia do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade e emitir os informes sobre a idoneidade dos proxectos e garantir o seu seguimento.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE PARA O FOMENTO E A HOMOLOGACIÓN DAS POLÍTICAS MUNICIPALISTAS DE COOPERACIÓN Ó DESENVOLVEMENTO NO EXERCICIO 2007.

En Vigo, a de de 2007

COMPARECEN

A Delegada da Área de Benestar Social, Maria Xosé Mendez Piñeiro, segundo o nomeamento polo Decreto de delegación da Alcaldía de data 5 de xullo de 2007,

Doutra, o Sr. D. Alfredo Novoa Gil, na súa calidade de Presidente do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade (CIF G-15629629), e intervindo neste acto por conta e representación da citada entidade, segundo se acredita por medio de certificación, con copia debidamente compulsada e dilixenciada polo funcionario competente e incorporada ó expediente administrativo, de conformidade coas facultades que se lle atribúen polo artigo 23 e afíns dos Estatutos da supracitada entidade, dos que igualmente se aporta copia compulsada e dilixenciada polo funcionario competente, que figura inscrita a tódolos efectos legais no rexistro provincial de Asociacións da Consellería de Xustiza da Xunta de Galicia.

E, en consecuencia, recoñecendo mutuamente a ambas partes intervintes plena lexitimación, capacidade e representación para acordar o que ás súas respectivas entidades lles resulte de interese para o desenvolvemento das súas competencias e funcións,

EXPOÑEN

Que, preocupado pola necesidade de obter o máximo rendemento dos recursos que destina a cooperación ó desenvolvemento, o Concello de Vigo está comprometido co propósito de impulsar aquelas prácticas que possibiliten unha maior coordinación das políticas municipalistas desenvolvidas en Galicia neste eido, compartindo coas ONGs e o conxunto da sociedade viguesa esa aspiración común á mellora da cooperación.

Que o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade é unha asociación de carácter municipalista que, co apoio da FEGAMP, favorece a incorporación das entidades locais e provinciais de Galicia a dinámicas activas de cooperación, evitando a súa fragmentación e estimulando a súa maior eficacia e coordinación, actividades que desexa intensificar para implicar nas mesmas ó conxunto da cidadanía. O Concello de Vigo integrouse no Fondo Galego mediante acordo plenario de data 3 de agosto de 1998.

O Concello de Vigo e o Fondo Galego acreditan a necesidade de reforzar os mecanismos homoxeneizadores da cooperación propiamente municipalista e instaron a sinatura da denominada “Declaración Política das cidades e o Fondo Galego”, asinada o 5 de marzo de 2001, por tódalas cidades galegas e o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

A Comisión Executiva do Fondo Galego na xuntanza celebrada o día 8 de febreiro aprobou as “Bases de financiamento de programas de cooperación ao desenvolvemento e de solidariedade para o ano 2007” para subvencionar a ONGs e Asociacións, Entidades e Organizacións sen ánimo de lucro vencelladas a entidades de cooperación ó desenvolvemento.

Por todo o exposto, habida conta da sintonía de obxectivos e a complementariedade dos mecanismos concurrentes para a súa consecución, ambas partes intervincentes coinciden en instrumentar o seu acordo de vontades no presente Convenio de colaboración para artellar a participación do Concello de Vigo en dita convocatoria pública, de conformidade coas seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- O presente convenio ten por obxecto artellar a participación do Concello de Vigo na financiación da convocatoria pública de axudas a proxectos e programas de cooperación ao desenvolvemento e de solidariedade que o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade realiza para o ano 2007.

Segunda.- O Fondo Galego comprométese a aplicar os recursos económicos aportados polo Concello de Vigo ós proxectos de cooperación ó desenvolvemento que resulten da resolución da citada convocatoria, ben sexa co concurso das ONGs, ou a través de cooperación directa co ou de fainseu traballo nos países en vía de desenvolvemento, do garantindo en todo momento os medios técnicos e humanos para o seu digno desenvolvemento.

Terceira.- De acordo co o artigo 29 da Lei Xeral de Subvencións (LXS), o Fondo Galego podera concertar con terceiros a execución de actividades que constitúen o obxecto da subvención ata un máximo dun 90%. Así mesmo o Fondo Galego terá as obrigas previstas no convenio mais as consignadas no artigo 14 da LXS.

Cuarta.- O importe total desta iniciativa cífrase en SESENTA E CATRO MIL EUROS(64.000 euros), dos que sesenta mil (60.000 €) destinaranse a subvencionar proxectos de cooperación ó desenvolvemento, e catro mil euros (4.000.- €) destinaranse a actividades de prevención e difusión e/o axudas de emerxencias. O Concello de Vigo comprométese a aportarllos con cargo á partida orzamentaria 3130.4800001 do vixente orzamento de gastos do Concello de Vigo..

Esta subvención é compatible con todas aquelas que poda recibir o Fondo Galego doutras administracións, para a mesma finalidade sempre que o importe global non supere el custo total do proxecto/s obxecto de subvención. No caso de cofinanciamento dun proxecto por varias administracións, se fará constar na xustificación, detallando as fontes dos recursos económicos do mesmo.

Quinta.- A vixencia do presente convenio será ata o 31 de decembro do 2007, sen prexuízo da posibilidade de extender a colaboración por medio dun novo instrumento convencional, logo de avaliada a experiencia posta en marcha. O seu seguimento será efectuado por unha comisión paritaria de técnicos designados polo Concello de Vigo e o Fondo Galego.

Sexta.- O Concello de Vigo designará un Técnico/a municipal para integrarse na Ponencia do Fondo Galego que emita os informes sobre a idoneidade dos proxectos e garante o seu seguimento, e poderá recabar do Fondo Galego informes técnicos específicos sobre aspectos concretos relativos ós proxectos de cooperación que financie, podendo acceder en todo momento á documentación existente.

Séptima.- Prazos de Pagamento

O pagamento farase efectivo en dous fases:

- *Un primer pago do 50% da axuda concedida, en concepto de anticipo, tras a sinatura do presente convenio.*

- O 50% restante, unha vez xustificada a execución dos proxectos financiados, nos termos previstos na cláusula octava.

Octava.- Xustificación da subvención

Para poder percibir o pagamento do 50% final da subvención concedida, a entidade beneficiaria presentará a documentación xustificativa no rexistro do Concello de Vigo antes do día 30 de decembro de 2007.

A documentación xustificativa será a seguinte:

- *Solicitud de pago*
- *Conta Xustificativa que comprenderá:*
 - *Certificación do Secretario do Fondo Galego , na que justifique ante ó Concello de Vigo que os beneficiarios finais da convocatoria han xustificado debidamente as axudas recibidas conforme as previsións da convocatoria aprobada.*
 - *Informe final explicativo das actuacións desenvolvidas cos fondos aportados polo Concello de Vigo, xunto cos preceptivos xustificantes do gasto realizado.*
 - *unha relación exhaustiva e documentada cos xustificantes de gastos dos proxectos financiados coa subvención concedida cos devanditos recursos.*

A comprobación da subvención corresponderalle ó técnico designado na cláusula sexta será o encargado do seguimento da execución da subvención, que emitirá un informe que acredite a axeitada xustificación da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión ou aproveitamento da subvención.

Este informe incorporarase ao expediente para a súa fiscalización xunto coa conta xustificativa .

Novena.- No caso de incumprimento do presente Convenio, transgresión na súa execución ou desestimento por parte da entidade asociativa, procederáse á súa inmediata resolución. Concorrendo estes supostos, o Fondo Galego reintegrará ó Tesouro do Concello as contías abonadas, con recargos e intereses a que houbera lugar, de conformidade coa normativa que lle resulte de aplicación e nos prazos máis perentorios que a mesma despusera.

Decimas .- A lagoas ou diverxencias que poideran apreciarse na aplicación do presente Convenio integraríanse, interpretaríanse e resolveríanse motivadamente polo organo concedente previo informe de la comision paritaria, e contra as súas resolucións, e polo carácter administrativo deste Convenio, caberá interpor os oportunos recursos administrativos e xurisdiccionais na orde contencioso-administrativa, ou calquera outros recursos e accións que en Dereito procedan.

Undecima .- Serán finalmente, de aplicación ó presente convenio as normas da Lei 38/2003 Xeral de subvencións sobre causas de invalidez do convenio (artigo 36 LXS); causas e reximen de reintegro da subvención (artigo 37 LXS), réximen de infraccións e sancions en materia de subvencións, e, en xeral, con carácter pleno ou supletorio, de acordo coa Disposición Final Primeira da LXS, no non previsto no convenio, as demais normas da lei Xeral de subvencións e o seu Regulamento de desenvolvemento, as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba da plena e voluntaria conformidade dos intervincentes, coas estipulacións enriba consignadas, ámbolos dous asinan e rubrican o presente instrumento convencional, por duplicado exemplar, no lugar e data do seu encabezamento.

4(1985).- SOLICITUDE DE CUALIFICACIÓN COMO INICIATIVA LOCAL DE EMPREGO DO PROXECTO EMPRESARIAL DENOMINADO “ECOENVIO”. EXPTE. 4832/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordoco informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 22.10.07, conformado polo concelleiro de Promoción

Económica e Emprego, a Xutna de Goberno local acorda:

Promover ante a Consellaría de Traballo, a cualificación como Iniciativa Local de Emprego do proxecto empresarial denominado “**ECOENVIO**”, que terá por obxecto a venda de produtos ecolóxicos galegos a través de Internet sendo necesario para isto a participación municipal, que consistirá no seguinte:

- Apoio polo equipo do Servizo de asesoramento a emprendedores/as (SAE) do Concello de Vigo, que por parte dos Axentes de emprego de desenvolvemento local (ADLs) asisten na preparación e confección da memoria e proxecto de viabilidade empresarial da iniciativa, así como no asesoramento para levar a cabo os trámites para a posta en marcha de dita iniciativa empresarial, e axuda na posterior solicitude das subvencións correspondentes ante a Consellaría de Traballo.
- Terá preferencia, de acordo coas correspondentes bases reguladoras, na concesión das axudas municipais á creación de empresas ás que de ser o caso opte.

5(1986).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO DE ASCENSORES DA CASA DO CONCELLO. EXPTE. 12194/444.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable, do 28.09.07, e de acordo co informe-proposta do xefe de Negociado de Contratación, do 1.10.07, conformado polo xefe de Área de Contratación e Novos Proxectos, o concelleiro da Área de Xestión Municipal e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto de 20.682 € para a prestación dos servizos de mantemento integral dos ascensores instalados na Casa do Concello nº de RAE 002681 e 002682 que se imputarán á partida presupostaria 121.0.227.06.00 do vixente presuposto.

2º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos polo Excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC) de data 24.09.2007 e o prego de prescricións técnicas para a prestación dos servizos de mantemento Integral dos ascensores instalados na Casa do Concello nº de RAE 002681 e 002682.

3º.- Solicitar ofertas a tres empresarios capacitados para a execución do contrato.

6(1987).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE COLABORACIÓN TRIBUTARIA CO SERVIZO DE ADMINISTRACIÓN DE TRIBUTOS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 530/500.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 15.10.07, conformado pola concelleira de Economía e Facenda e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar a prórroga para o período comprendido entre o 01-12-2007 ó 30-11-2008 do contrato para a execución dos servizos auxiliares de colaboración tributaria co servizo de Administración de Tributos do concello de Vigo adxudicado á empresa Santiago Cucart, S.L. por acordo da Xunta de Goberno de 06-11-2006.

2º.- O importe da prórroga será de 120.000 euros, sen perxuízo das revisións de prezos que procedan, e se imputaran á partida 61102270600 de acordo coa seguinte distribución: 20.000 euros no ano 2007 e 100.000 euros no ano 2008.

7(1988).- REVISIÓN DE PREZOS DE CONTRATO DE MANTENIMIENTO INTEGRAL DAS INSTALACIÓNS ELECTROMECÁNICAS DOS TUNELES DO CONCELLO. EXPTE. 18188/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 5.10.07, conformado polo concelleiro de dito servizo, que di o seguinte:

D. Ramón Comesaña Alonso, como xerente da empresa U.T.E. IMES- ESYCSA, mediante escrito presentado no rexistro xeral deste Concello, nº de doc. 70105428, solicita a revisión de prezos do contrato de "mantemento integral das instalacións electromecánicas dos Tuneis do Concello de Vigo".

O contrato de mantemento integral das instalacións electromecánicas dos tuneis e pasos inferiores da cidade de Vigo, foi adxudicado pola Xunta de Goberno Local de data 12 de xullo de 2005, a unión temporal de empresas formada por "Instalaciones y Montajes Electricos, S.A." y equipos de señalización y control- Esycsa".

O prezo actual do contrato esta establecido na cantidade de 536.247,25 euros, según acordo da XGL de 13 de novembro de 2006, na que se aprobou a segunda revisión de prezo do contrato.

A posibilidade de revisión de prezos do contrato aparece recollida na cláusula IV do prego de cláusulas administrativas que rexen a contratación que establece o seguinte:

"Procederá a primeira revisión de prezos transcurrido un ano dende a data de inicio do contrato e recollerá a variación experimentada polo IPC nacional no periodo que medie entre a data de revisión e a de apertura de proposicións económicas.

As seguintes revisións faranse transcurrido un ano dende a data inmediata anterior e recollerá a variación que experimente o IPC Nacional no periodo comprendido entre a data de revisión de prezos e a data de revisión inmediata anterior".

Na última revisión de prezos do contrato (XGL de 13/11/2006), estableceuse un prezo do contrato, a partir do 1 de setembro de 2006 de 536.247,25 euros, este prezo era resultado de aplicar ó prezo vixente nesa data o incremento do IPC da anualidade anterior, para fixar o prezo a partir do 1 de setembro de 2007, aplicaremos o prezo vixente o incremento do IPC de agosto 2006/2007, que según datos facilitados polo INE foi de 2,2%, do que se obtén un prezo revisado de 548.044,69 euros.

Polo exposto, previo informe da Intervención Xeral, proponse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO

Aprobar a revisión de prezos do contrato de mantemento integral das instalacións electromecánicas dos tuneis do Concello de Vigo, adxudicado a empresa U.T.E. Instalaciones y Montajes Electricos, S.A. Y equipos de Señalización y Control, S.A.", por acordo da XGL de 12 de xullo de 2004, fixando o mesmo a partir do 1 de setembro de 2007 na cantidade de 548.044,69 euros.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(1989).- CONTRATO DE ALUGUER DE PISO-ENTRECHÁN EN PRAZA DE COMPOSTELA,22. EXPTE. 18139/240.

Examinadas as actuacións do expediente, vito o informe de fiscalización, do 19.10.07, e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 31.08.07, conformado polo concelleiro de dito Servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

Contratar polo prazo dun ano o arrendamento, cúa sociedade Merflo, S.L., propietaria do piso entrecan esquerda situado no nº 22 da Praza de Compostela, conforme ó cláusulado que a continuación se transcribe:

Ná Casa do Concello de Vigo, a de de 2006.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Carlos López Font, Concelleiro delegado da Area de Xestión Municipal do Excmo. Concello de Vigo, actuando en nome e representación do mesmo.

Doutra Mercedes Gomez Fernandez, con D.N.I. 35.931.963, en nome e representación da entidade Merplo, S.L, propietaria do edificio nº 22 da Praza de Compostela desta cidade, segundo escritura outorgada perante o Notario D. Mariano Vaqueiro Rumbao, o día 4 de febreiro de 1998, co nº 189 do seu protocolo, e subsanada por posterior otorgada ante o mesmo Notario o 30 de marzo de 1998 baixo o nº 663 do seu protocolo. .

Ambalas duas partes se recoñecen competencia e capacidade, respectivamente para a formalización do presente contrato de arrendamento.

Autoriza este contrato D. Manuel Lorenzo Penela titular do organo de apoio da Xunta de Goberno Local.

CLAUSULAS

Primeira.- Que a entidade Merflo e o Concello de Vigo acordan, suscribir, por o prazo de un ano, a contar dende o 16 de xullo de 2007, e ata o 16 de xullo de 2008, un contrato de arrendamento do local sito no entrecan esquerda do edificio nº 22 da Praza de Compostela.

Segunda.- A renda do aluguer será de 1.570,00 euros mensuales, ive engadido, pagadeira por mensualidades anticipadas.

Tamén seá de conta do Concello os gastos de Comunidade do edificio.

Terceira.- O local obxecto de aluguer será destinado a actividades culturais que non incluían música, sempre que ademais non sean molestas, insalubres ou peligrosas. Non obstante, autorízase ó Concello de Vigo para que puidá ceder o uso á Fundación Provigo, durante a vixencia deste contrato, rematando automaticamente a cesión ó termo do mesmo. Se antes de remata-la vixencia do contrato a Fundación Provigo deixase de utilizalo, recuperará o uso do local o Concello de Vigo, polo resto do prazo que quedase pendente ata a finalización do prazo contractual.

Cuarta.- Serán de cargo do arrendatario os gastos de consumo de luz, auga e calquer outro que requira o seu funcionamento, así como a taxa de recollida de lixo.

Quinta.- Todas as obras a realizar no local quedarán en beneficio da propiedade sen indemnización por parte da mesma.

Sexta.- O arrendatario declara recibilo local en perfecto estado de conservación, obrigándose a devolvelo en iguais condicións.

E para que así conste, asíñase de conformidade por ámbalas duas partes o presente documento, en tres exemplares, no lugar e data ó principio mencionados.

9(1990).- CESIÓN DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DE BAR RESTAURANTE EN PRAIA DE SAMIL. EXPTE. 18145/240.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 8.10.07, conformado pola xefa de Réxime Interior e o concelleiro delegado de Patrimonio, que di o

seguinte:

ANTECEDENTES

1.- D. Senen Pérez Laiz, en nome e representación das mercantis, COMERCIAL SAN REMO S.L. E HOSTELERIA SAMIL PLAYA S.L.U. solicita, mediante escrito de data 25 de setembro de 2007, autorización municipal para a cesión a favor da sociedade HOSTELERIA SAMIL PLAYA S.L.U. da concesión administrativa para a construción, xestión e explotación do Bar-restaurante sinalado no plano "O" co nº 4 que lle foi adxudicada no seu día o solicitante e da que na actualidade é titular COMERCIAL SAN REMO S.L..

2.- A interesada achega co seu escrito a seguinte documentación:

- Fotocopia da escritura de constitución da sociedade Hostelería Samil Playa SLU e dos seus Estatutos.
- Declaración de non atoparse a cesionaria en causa de incapacidade, incompatibilidade ou prohibición para contratar coa Administración Pública.
- Certificacións da Tesourería do Concello, da Axencia Tributaria e da Tesourería Xeral da Seguridade Social (art. 20.f TRLCAP)

3.-O Tesoureiro municipal informa o 3 de outubro de 2007 que a concesionaria COMERCIAL SAN REMO S.L. non ten nesa data, débedas pendentes na vía de construximento co Concello.

FUNDAMENTOS XURIDICOS

Primeiro.- O Pleno municipal en sesión do 30 de outubro de 1985 acordou adxudicar a D. Senen Pérez Laiz a concesión administrativa para a construción, xestión e explotación do Bar-restaurante sinalado no plano "O" co nº 4 na praia de Samil, con estricta suxección o Proxecto tipo, aprobado polo pleno o 3-7-1984 e o prego de condicións aprobado polo pleno o 27-06-1985, sendo formalizada a concesión en escritura pública outorgada ante o Notario D. Emilio Carballo Lourido o 21.02.0986 baixo o nº 263 do seu protocolo.

Así mesmo, o Pleno municipal autorizou o 28 de setembro de 1990 a cesión da concesión administrativa a favor da entidade Comercial San Remo S.L., quen quedou subrogada nos dereitos e obrigas concesionais.

Segundo.- O Prego de Condicións polos que rixese a concesión administrativa outorgada, establece na súa Clausula XV que o adxudicatario non poderá ceder, traspasar, enaxenar nin arrendar os dereitos nados do contrato, sin a previa autorización do Concello concedente.

Dacordo co disposto no 114 do TRLCAP, os adxudicatarios dos contratos administrativos poderán ceder os seus dereitos e obrigas a terceiros, cumprindo os seguintes requisitos: Autorización expresa e con carácter previo do órgano de contratación; execución do contrato nun 20% ou dunha quinta parte da súa duración; a capacidade e solvencia do cesionario para contratar coa administración; e formalización da cesión en escritura pública.

Terceiro.- No presente caso, estimase que concurren as condicións exixidas pola normativa de contratación para a cesión dos dereitos concesionais, tendose cumprido o prazo mínimo requerido de execución polo cedente, como os demais previstos relativos o cesionario, sendo conseguintemente admisible autorizar a transmisión da concesión administrativa para a construción, xestión e explotación do Bar-restaurante sinalado no plano "O" co nº 4, en Samil, pola COMERCIAL SAN REMO S.L. a prol de HOSTELERIA SAMIL PLAYA S.L.U, quen quedará subrogada na totalidade dos dereitos e obrigas contractuais.

Cuarto.- Resulta competente para a adopción do presente acordo a Xunta do Goberno Local de conformidade coas competencias que lle son atribuídas pola LRBR no seu artigo 127.1.f, tra-las modificacións introducidas por Lei 57/2003 de medidas para a modernización do Goberno Local.

Por todo-lo anteriormente exposto a Xunta de Goberno Local propónse a adopción do seguinte acordo.

1º.- Autorizar a COMERCIAL SAN REMO S.L. a cesión a favor da sociedade HOSTELERIA SAMIL PLAYA

S.L.U, a concesion administrativa para a construción, xestión e explotación do Bar-restaurante sinalado no plano "O" co nº 4, en Samil, dacordo e con plena suxeición ó prego de condicións administrativas que a rixe.

2º.- A cesión debера formalizarse en escritura pública, nun prazo de trinta días dende a notificación do presente acordo, e previa constitución polo cesionario na tesorería do Concello da garantía definitiva para responder do cumprimento do contrato.

3º.- A sociedade HOSTELERIA SAMIL PLAYA S.L.U, achegará nun prazo de dez días dende o seu otorgamento, copia simple da escritura pública na que se formalice a cesión, para coñecemento e comprobación do cumprimento das condicións da cesión do contrato.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(1991).- SOLICITUDE DE D. MANUEL ESTÉVEZ TIELAS DE DESAFECTACIÓN DO CARÁCTER DE BEN DE DOMINIO PÚBLICO DO CAMIÑO FREIRÍA R-8. EXPTE. 17847/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 17.10.07, conformado pola xefa de Réxime Interior e o concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).*
- *Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).*
- *Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).*
- *Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).*
- *Lei 30/1992, de 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común (LRJAP).*
- *Lei 1/2001, de 7 de enero, de Enxuízamento Civil (LEC).*
- *Real Decreto de 24 de xullo de 1889, Código Civil (CC).*

ANTECEDENTES

Primeiro.- D. Manuel Estevez Tielas presenta escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 09.07.2006 solicitando a desafectación do carácter de ben de dominio público do camiño Freiria R-8, que figura no Inventario Municipal de bens e dereitos como vial público. Achega coa solicitude os planos e escrituras da súa propiedade.

Asimesmo formula alegacións o expediente ó 31.07.2007, reiterando a solicitude de desafectación do camiño como público.

Segundo.- Na instrución do expediente foron levados a cabo os trámites procedementais regulamentarios e emitidos os pertinentes informes por parte dos técnicos dos servizos municipais competentes nas diversas materias que poideran incidir no obxecto do expediente, e na resolución que finalmente deban adoptar os órganos competentes desta Administración, constando os seguintes:

Informe da Oficina do Inventario de data 27.10.2006

Informe do Arquitecto municipal da Oficina Técnica da Unidade de Patrimonio, de data 5-2-07

Informe do Servizo de Cartografía da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 14.09.2007.

Informe do Servizo de Electromecánicos, de data 25-9-07

Terceiro.- Asi mesmo, outorgouse tramite de audiencia á Union veciñal de Candean e ós propietarios de parcelas colindantes, na súa condición de interesados no procedemento como titulares de dereitos que poideranse ver afectados pola solicitude de descatalogación plantexada, nos termos dos artigos 31 e 84 LRJAP, formulando alegacións:

- Dña Candida Soto Todriguez, en data 07.03.2007, opoñéndose á desafectación solicitada, ó tempo que achega firmas de veciños manifestando ser dito camiño o único acceso público a súa vivenda.

- A Union Veciñal de Candean: Certificación do Secretario de 5.03.2007, consonte a finca de Dña. Candida Soto Rodriguez ten a súa entrada de servizo, dende tempo inmemorial, polo camiño veciñal que asimesmo da entrada á que foi finca-casa de Dña Herminia Rodriguez Castro, hoxe habitada por D. Manuel Estevez Tielas e familia, e outras fincas. E fotocopia dun informe de dita Asociación, datado o 5 de decembro de 1985, nos mesmos termos que o certificado.

- D. Jose Manuel Castro Lamas, en data 24.02.2007, manifesta que o camiño é público ou veciñal dende tempo inmemorial.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Identificación do ben controvertido. O camiño obxecto da presente reclamación figura no Inventario Municipal de bens e dereitos aprobado por Acordo Plenario de data 4 de maio de 1993, no epígrafe I de bens inmóbles, como ben de dominio público afecto ó uso público e, en su condición de vía pública, integrado na rede viaria municipal.

Segundo.- Natureza xurídica de ben de dominio público do R-8 camiño Freiria. Son bens de dominio público os que, sendo de titularidade pública, se atopan afectados ó uso xeral ou ó servizo público, así como aqueles ós que una lei outorgue expresamente o carácter de demaniais (artigos 5 LPAP, 79 LBRL, 263 LALG). Dentro dos bens demaniais das corporacións locais, teñen a consideración de bens de uso público local, entre outros, os camiños de aproveitamento ou utilización xeral cuia conservación e policía sexan competencia da entidade local (artigos 264 LALG, 74 TRRL e 3 RBEL).

Terceiro.- Carácter do Inventario Municipal de bens e dereitos. Entre os medios e facultades que establece o ordeamento xurídico para garantir a protección e defensa do patrimonio das Administracións públicas atopáse a obriga de inventariar os bens e dereitos que o integran, facendo constar, co suficiente detalle, as mencións necesarias para a súa identificación, así como as que resulten precisas para reflectir a súa situación xurídica e o destino ou uso a que son adicados (artigos 32.1 LPAP, 278 LALG, 86 TRRL e 17 RBEL). O inventario deberá autorizarse polo Secretario da Corporación local, co visto bo do Presidente, e o Pleno será o órgano competente para acordar a aprobación, rectificación e comprobación do mesmo (artigos 32.1 e 34 RBEL), ou ben, no caso dos municipios de gran poboación, a Xunta de Goberno local (artigo 127.1.f LBRL).

O Inventario Municipal de bens e dereitos do Excmo. Concello de Vigo foi aprobado definitivamente por acordo plenario de data 4 de maio de 1993, con referencia ó 31 de decembro de 1991. Para a súa aprobación se seguiu o procedemento establecido no artigo 49 LBRL para a aprobación das ordenanzas locais, aínda que as disposicións legais aplicabeis non o esixen, para maior garantía dos dereitos e intereses dos administrados: a) aprobación inicial polo Pleno municipal, en data 19 de decembro de 1992 ; b) información pública e audiencia ós interesados por prazo de 30 días para formulación de alegacións e presentación de reclamacións, no seu caso ; c) resolución de todas as reclamacións presentadas dentro de prazo; d) aprobación definitiva polo Pleno.

No entanto, é de reseñar que durante o período de información pública non consta que se tivese formulado ningunha alegación en relación coa inclusión do camiño obxecto do presente expediente no Inventario Municipal de bens e dereitos no seu epígrafe correspondente ás vías públicas, segundo resulta dos antecedentes do expediente de rectificación e actualización do mencionado inventario. En consecuencia, o camiño de referencia foi considerado vía pública de titularidade municipal integrante do patrimonio municipal en condición de ben de dominio público afecto ó uso público.

Tras o Acordo Plenario de aprobación definitiva do Inventario Municipal de bens e dereitos este deviu firme, resultando esgotada a vía administrativa, e goza, polo tanto, da lexitimidade, validez e executividade que o noso ordeamento xurídico atribúe os actos administrativos firmes (artigos 56 e 57 LRJAP).

Cuarto.- Respecto a cuestión da rectificación inventarial solicitada. O presente expediente ten como finalidade determinar se é correcta a inclusión no epígrafe I do inventario municipal do camiño en cuestión en atención ó seu uso público, ou, en caso contrario, de non concorrer esta circunstancia, se procede rectificar o inventario, dando de baixa, dado que a Administración municipal non pode entrar en cuestións de propiedade ó corresponder a competencia para o seu coñecemento e resolución á xurisdicción civil. Neste senso, a controversia centrase na configuración ou non dese camiño como público en virtude da súa afectación ó uso público e da posesión pública e pacífica do mesmo polo Concello de Vigo. Así, á vista dos informes dos técnicos municipais e da documentación obrante no expediente, dedúcese que é indubitado tanto o uso público do camiño de referencia como o feito de que este conta con servizos públicos cuio mantemento ven sendo realizado por esta Administración.

Se temos en conta que o ordeamento xurídico recoñece as corporacións locais plena capacidade xurídica para a adquisición de toda clase de bens e dereitos por calquera medio válido en dereito (artigos 5 LRBRL; 270 e 275 da LALG; 8.4.c, 9, 14.1 RBEL) podemos concluir que non procede a rectificación inventarial solicitada posto que prima facie parece que o camiño de Freiria R-8. é de propiedade municipal e as Administracións públicas teñen a obriga de protexer e defender os seus bens e dereitos, tendo prohibido o alleamento fronte as demandas formuladas contra eles (artigos 5, 68.1 LRBRL; 270, 284.2, 285 LALG; 220 ROF e 9 e 73 RBEL).

Quinto.- Natureza xurídica da presente reclamación. A reclamación en vía administrativa, segundo dispón o artigo 120.1 LRJAP, é requisito previo ó exercicio de accións fundadas en dereito privado ou laboral contra calquera Administración Pública, salvo nos supostos nos que este requisito estea exceptuado por una disposición con rango de lei. No caso que nos ocupa, dado que trátase dunha cuestión de propiedade, e a declaración da existencia de dereitos, de acordo co disposto no artigo 5 da LEC, é competencia dos tribunais do orde xurisdiccional civil, resulta procedente a interposición de reclamación administrativa previa, carácter que cabe predicar da presente reclamación aínda que o interesado non a denomine formalmente deste xeito, en virtude do antiformalismo que preside a regulación dos procedementos administrativos na Lei 30/1992, de 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común, por analoxía co disposto no artigo 110 LRJAP respecto dos recursos administrativos.

Sexto.- Órgano competente para a resolución da reclamación administrativa previa. Resulta competente para a adopción do acordo de resolución do expediente de alteración da cualificación xurídica dos bens a Xunta de Goberno Local de acordo co disposto no artigo 127.1.f da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local.

Polo anteriormente exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“UNICO.-Desestimar a reclamación administrativa previa á vía xurisdiccional civil formulada por D. Manuel Estevez Tielas mediante escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 09-06-2006 ó non resultar procedente, á vista dos fundamentos xurídicos recollidos no corpo do presente escrito, a rectificación inventarial solicitada respecto do camiño Freiria R-8 recollido no epígrafe I de bens inmobles do Inventario municipal de bens e dereitos.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(1992).- RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL RESPECTO A UN TRAMO DO CAMIÑO OIA. EXPTE. 17310/240.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 19.10.07, conformado pola xefa de Réxime Interior e o concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

PRIMEIRO.- D. Jorge Costas Duran, solicita mediante escrito presentado no Rexistro Xeral en data 20-05-2005, a rectificación do Inventario Municipal de Viais en relación o tramo do camiño Oia que discorre pola súa propiedade, ó considerar, segundo a documentación aportada, que o mesmo non é público senon de propiedade privada.

SEGUNDO.- Dado traslado do expediente para o seu informe ós diversos servizos municipais correspondentes, este foron emitidos nas seguintes datas:

- Informe do arquitecto municipal da oficina técnica de patrimonio de data 28.06.2005.*
- Informe da Oficina do Inventario municipal de data 15.02.2006.*
- Informe do Servizo de Electromecánicos de data 30.07.2007.*
- Informe do Servizo de Vías e Obras de data 27.08.2007.*
- Informes do Topógrafo municipal da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 18.05.2007, 26.09.2007 e 01.10.2007.*

TERCEIRO.- Así mesmo, na instrucción do expediente, deuselle trámite de audiencia á Asociación de Veciños de San Miguel de Oia e a D^a Carmen Fernández Siguenza, D. Paulino Costas Duran, e D. Manuel Gomez Sendin na súa condición de interesados no expediente para a formulación de aquelas alegacións que tivesen por convintes, non presentándose alegación ningunha.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

PRIMEIRO.- Dacordo co informe da oficina do Inventario Municipal, o camiño obxecto de reclamación consta no Inventario Municipal de bens e dereitos deste Concello, baixo a denominación de Ramal 1 do Camiño de Oia, cunha lonxitude de 90 ml, e orixen no Cño Oia e remate no Cño. Ricardo Mella.

SEGUNDO.- A teor dos informes técnicos emitidos no expediente, despréndese que o devandito tramo non consta que estea dotado dos servizos públicos de alumado nin de saneamento, nin que polo servizo municipal de vías e obras se veña facendo traballos de mantemento do mesmo. Así mesmo, o Servizo de Cartografía da Xerencia de Urbanismo, sinala que dito tramo non figura reflectido na cartografía Lecar do ano 1970 nin apreciase no voo fotogrametico CEFTA dos anos 1950, chegando a conclusión de que se trata dun camiño de servidume.

TERCEIRO.- Conseqüentemente, pódese entender que no presente suposto, atopámonos ante unha discordancia entre a realidade física e a planimetría municipal de viais, da que resultaría un erro na inclusión do tramo do ramal 1 do Cño. Oia, nunha lonxitude de 60 ml e anchura aprox. entre 2.50 e 3 metros (dacordo co informe e plano topográfico escala 1:500 do Servizo de Cartografía Municipal do 01.10.2007) e non tanto a un suposto de afectación ó uso público de dito tramo.

CUARTO.- Polo exposto procede a rectificación inventarial, dando de baixa o tramo do ramal 1 do camiño Oia, coa delimitación sinalada polo topografo municipal, dada a súa errónea inclusión ó non tratarse dunha vía pública de titularidade municipal, resultando competente a Xunta de Goberno Local para a súa aprobación consonte o disposto no art. 127.1.f LBRL.

En virtude do sinalado anteriormente, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Aprobar inicialmente a rectificación do Inventario Municipal de Bens e Dereitos dando de baixa, nunha lonxitude de 60 ml, consonte co informe e plano topográfico escala 1:500 do Servizo de Cartografía Municipal do 01.10.2007, o tramo final do Ramal 1do Camiño Oia Ramal 1.

2º.- Somete-lo expediente a información pública durante o prazo de un mes no taboleiro de anuncios deste Concello para os efectos de resolver eventuais reclamacións.

3º.- O presente acordo quedará automaticamente aprobado como definitivo, se transcorrido o prazo anterior non se presentara ningunha reclamación ou alegación, o que se acreditará mediante a certificación que ó efecto expida o Rexistro Xeral.

4.- Dar traslado do presente acordo o Pleno Municipal para o seu coñecemento e consideración na revisión anual do Inventario municipal de vias”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(1993).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA ACORDO DA X.GOBERNO LOCAL DESESTIMATORIO DA SOLICITUDE DE DESAFECTACIÓN O USO PÚBLICO MUNICIPAL DO CAMIÑO PEDREIRA R-2. EXPTE. 17613/240.DESESTIMADO.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 17.10.07, conformado pola xefa de Réxime Interior e o concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Reximen Local (LRBRL).
- L 33/2003 de 3 novembro , do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAAPP)
- L30/1992 de 26 de novembro, de Reximen Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. (LRXAP e PAC).
- RDL 781/1986 de 18 de abril, do Texto refundido das Disposicións Legais en materia de Reximen Local (TRRL)
- RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).

ANTECEDENTES DE FEITO:

D. Belarmino Alonso Comesaña, formula recurso de reposicion o 05.10.2007 contra acordo da Xunta de Goberno Local de 20.08.2007 polo que se desestimou a solicitude de desafectacion o uso público municipal do Camiño Pedreira R-2, ó non resultar procedente a súa rectificación inventarial. Acordo que lle foi notificado o interesado en data 7 de setembro de 2007.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMERO.- Procede admitir a tramite o recurso de reposicion interposto por canto se fai en tempo e forma establecidos nos arts. 116 e 117 LRXAP e PAC.

O interesado no seu recurso manifesta a titularidade privada do ramal 2 do camiño da Pedreira, obxecto de reclamación, sinalando tratarse dun paso de servizo a súa finca e a da colindante, posto que no seu día ambas fincas constituían unha sola e tras a súa segregación constitúese o paso para ambas as dúas, solicitando conseqüentemente deixar sen efecto o acordo recurrido e se proceda a dar de baixa no inventario municipal dito terreo.

SEGUNDO.- Ningunha destas alegacions ten virtualidade suficiente para desvirtuar a resolución que se recorre, por canto ademais de non fundamentarse en ningunha das causas de nulidade ou anulabilidade dos arts 62 e 63 da LRXAP E PAC, como así se esixe no art. 107 do citado texto legal, non se observa tampouco dita concorrencia, resultando o alegado unha mera reiteración do dito en instancia que xa se tivo en conta para resolver.

No acordo, agora recurrido, resolvese sobre a solicitude principal do interesado, a desafectación dun tramo do camiño do regueiro do uso público o que ven sendo destinado e tal como se reflicta no inventario municipal de bens e dereitos deste Concello, sen que o alegado por este desvirtuen os razónamentos xurídicos na que se basa dita resolución.

No recurso formulado limitase a incidir en cuestións que xa constan na instrución do expediente, informadas e resoltas no acordo adoptado pola xunta de Goberno local de 07.09.2007. Neste senso, nos fundamentos xurídicos que serven de base ó acordo recurrido, faise unha delimitación do ámbito competencial desta administración en relación as cuestións plantexadas polo interesado, e así sinalase que o presente expediente ten como finalidade determinar se é correcta a inclusión no epígrafe I do inventario municipal do camiño en cuestión en atención ó seu uso público, ou, en caso contrario, de non concorrer esta circunstancia, se procede rectificar o inventario, dando de baixa, dado que a Administración municipal non pode entrar en cuestións de propiedade ó corresponder a competencia para o seu coñecemento e resolución á xurisdicción civil. (FX 4º) ... No caso que nos ocupa, dado que se trata dunha cuestión de propiedade, e a declaración da existencia de dereitos, de acordo do disposto no artigo 5 da LEC, é competencia dos tribunais do orden xurisdiccional civil... (FX 5º).

TERCEIRO.- Corresponde a Xunta de Goberno Local, a resolución do recurso de reposición interposto contra o seu acordo de 20.08.2007, de conformidade co disposto no art. 116 da L.30/92 de RXAP e PAC.

Por todo o anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

“UNICO. Desestimar o recurso de reposición interposto por D. Belarmino Alonso Comesaña, contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 20.08.2007 ó non resultar desvirtuados, polos razónamentos expostos nos antecedentes do presente, os fundamentos técnicos e xurídicos que motivaron a súa adopción.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(1994).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA ACORDO DA X. GOBERNO LOCAL DE RECUPERACIÓN DE OFICIO DE POSESIÓN MUNICIPAL DE TERREO DA TRAZA DO CANAL OITAVÉN. EXPTE. 17428/240. DESESTIMADO.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 9.10.07 conformado pola xefa de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- L 33/2003 de 3 novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAAPP)
- L30/1992 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. (LRXAP e PAC).
- RDL 781/1986 de 18 de abril, do Texto refundido das Disposicións Legais en materia de Réxime Local (TRRL)
- RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).

ANTECEDENTES DE FEITO:

PRIMERO.- A Xunta de Goberno local, en sesión de 19 de marzo de 2007, acordou recuperar de oficio a posesión municipal do terreo polo que discorre a traza do Canal do Oitaven, a altura do nº 27 no Bº Picoto en Cidadelle-Chapela, termo municipal de Redondela, ante a súa ocupación ilícita, por D. Carlos Rosendo Alvarez, mediante a realización dunha rampa de acceso a súa propiedade. Acordo que lle foi notificado ao interesado en data 13 de abril de 2007.

SEGUNDO.- D. Carlos Rosendo Alvarez, en data 10 de maio de 2007, formula recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno Local, solicitando a súa declaración de nulidade.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMERO.- Procede admitir a trámite o recurso de reposición interposto por canto se fai en tempo e forma establecidos nos arts. 116 e 117 LRXAP e PAC.

O interesado no seu recurso manifesta que non se produciu ningunha usurpación ou privación da posesión dun ben de servizo público; que o simple feito da reparación dunha rampa de acceso sita enriba do terreo polo que discorre a tubería de auga, en ningún caso pode reputarse como usurpación ou posesión indebida da mesma; que tan só se procedeu á reparación dunha rampa preexistente, rampa que no seu día foi obxecto das pertinentes autorizacións.

SEGUNDO.-. Ningunha destas alegacións ten virtualidade suficiente para desvirtuar a resolución que se recorre, por canto ademais de non fundamentarse en ningunha das causas de nulidade ou anulabilidade dos arts 62 e 63 da LRXAP E PAC, como así se esixe no art. 107 do citado texto legal, non se observa tampouco dita concorrencia, resultando en parte o alegado unha mera reiteración do dito en instancia que xa se tivo en conta para resolver.

Frente o alegado polo recorrente, a ocupación do terreo polo que discorre a traída de auga, sí constitúe unha ocupación ilícita ou usurpación do patrimonio público municipal, o tratarse dun ben inmóbel de natureza demanial pola súa afectación o servizo público o que ven destinado, e carecer da correspondente autorización administrativa do titular do ben (Concello de Vigo) que habilite dita ocupación coa construción da rampa, e independentemente que afecte ou non as instalacións que discorren por ela.

Tal e como consta no expediente instruído, os feitos denunciados polos servizos técnicos do Concello de Redondela fan mención á construción dunha rampa e non, como mantén o recorrente, a simple reparación dunha preexistente. Circunstancia, en calquer caso, intranscendente, xa que, tratase de nova construción ou reparación dunha preexistente, non queda acreditado en modo algún polo infractor que dispoña de autorización administrativa para a ocupación dos terreos de propiedade municipal. Conseqüentemente, afectando as obras executadas ao dominio público, resulta pertinente e axustado a dereito, o acordo da xunta de goberno local recorrido, adoptado na defensa e protección do seu patrimonio, e polo que exercita a facultade administrativa da recuperación de oficio.

TERCEIRO.- Corresponde a Xunta de Goberno Local, a resolución do recurso de reposición interposto contra o seu acordo de 19.03.2007, de conformidade co disposto no art. 116 da L.30/92 de RXAP e PAC.

Por todo o anteriormente exposto, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

“UNICO. Desestimar o recurso de reposición interposto por D. Carlos Rosendo Alvarez contra o acordo da Xunta de Goberno Local 19.03.2007 o non resultar desvirtuados, polos razonamentos expostos nos antecedentes do presente, os fundamentos técnicos e xurídicos que motivaron a súa adopción.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(1995).- DEVOLUCIÓN DE FIANZAS:

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informes das oficinas técnicas, os informes de Intervención Xeral e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

A) Devolver a SERCOYSA GALICIA S.A. as seguintes fianzas:

- Fianza por importe de 7.909,54 € constituída para responder das “obras de mellora de pavimento de Vigo, lote E”, xa que foron recibidas mediante acta de 20.02.04 e 30.06.04 por se executaren conforme ás condicións do rpego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte.. 625/443.
- Fianza por importe de 60.000 € constituída para responder das “obras de reparación de beirarrúas”, xa que foron recibidas mediante acta de 28.03.05 por se executaren conforme ás condicións do rpego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte.1972/443.
- Fianza por importe de 4.320 € constituída para responder do “aluguer de maquinaria con operador para Vías e Obras” xa que foi executado conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 1513/443.

B) Devolver a TICCO INGENIERÍA S.L. a fianza de 1.166,45 € constituída para responder da “redacción de proxectos de humanización da avda. Florida, avda. Castrelos e entorno da Praza de América” xa que foi recibido conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 1649/241.

C) Devolver a ELSAMEX S.A. a fianza de 7.180,62 € constituída para responder do “mantemento e conservación dos cemiterios municipais” xa que foi executado conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte.. 1955/241.

15(1996.- RECLAMACIÓN DE D^a. CORONA RODRÍGUEZ RIAL DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 913/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 22.10.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Corona Rodríguez Rial presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 23 de xaneiro de 2006, no que expón que o día 12 de xaneiro de 2006, mentres camiñaba pola avenida Fragoso, á altura da parada de taxis, sufriu unha caída por mor da falta dunha lousa na beirarrúa, producíndose danos de carácter físico e material.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Parte do servizo da Policía Local, de data 12/01/2006, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no Hospital Xeral, a Sra. Rodríguez relátalles o accidente que tivera; igualmente, tras persoarse no lugar dos feitos, comprobán a existencia dunha focha, que proceden a sinalizar.*
- *Informes do servizo de Vías e Obras, de datas 07/02 e 06/04/2006, sobre o estado do lugar onde ocorreu o accidente, no que indican que na zona a empresa TECESNOR realizaba obras correspondente á construción dun edificio.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 10/05/2006.*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 2.981 euros.*

- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, en data 17/09/2007, que non formula alegacións.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando réune o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como estabelecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resultan acreditados os seguintes feitos:

- *Dna. Corona Rodríguez Rial recibiu asistencia médica en data 12/01/2006 por lesións consistentes en luxación de xeonllo esquerdo, que o ditame médico solicitado ó efecto valora en 2.981 euros.*
- *No expediente non constan testemuñas presenciais do accidente por canto o informe da Policía Local recolle as propias manifestacións da interesada unha vez persoados no Hospital Xeral.*
- *No expediente hai informe da data 06/04/2006 do servizo de Vías e Obras do Concello que di que o accidente se produce na zona afectada pola obra que está realizando a empresa de construcións Tecesor, con enderezo na rúa Manuel Núñez, 4 b, achegando copia das “condicións xerais” que o Concello lle impuxo na ocupación da vía pública que na súa cláusula 9ª di: “Serán responsábeis os concesionarios do perfecto estado de conservación dos pavimentos durante a execución das obras, sen que o feito da obriga de repoñelos os exima desta obriga”. Corrixido o lugar do accidente en informe de 10/05/2006 ubícase o lugar no perímetro da obra.*

Do exame do expediente, en especial informes do servizo de Vías e Obras mencionados e que consonte co artigo

89.5 da lei 30/1992 serve de motivación a esta resolución, resulta que procede desestimar a reclamación efectuada por falta de proba do dito nexo causal, non só porque non hai ningunha proba de como sucederon os feitos e que a caída o foi a consecuencia precisamente nun defecto na rúa por canto a estes efectos non son suficientes as propias manifestacións da reclamante, senón sustancialmente porque en todo caso as obrigas de mantemento e conservación do treito da beirarrúa onde presumibelmente tiveron lugar non lle correspondían ó Concello senón a un terceiro, neste caso á empresa construtora mencionada.

Cuarto.- Consonte co anterior, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguinte indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Corona Rodríguez Rial por unha suposta caída ocorrida o día 12 de xaneiro de 2006 na avenida Fragoso, por non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(1997).- RECLAMACIÓN DE D. MIGUEL ANGEL MOLARES FRANCISCO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 984/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 22.10.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Miguel Ángel Molares Francisco presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 17 de marzo de 2006 no que expón que o día 4 de marzo de 2006, circulaba co vehículo de súa propiedade, matrícula 3052-DWK, pola avenida de Castelao, e foi alcanzado por un colector de lixo movido polo vento, causándose danos materiais valorados en 472,13 euros.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do servizo da Policía Local, de data 21/03/2006, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.*
- *Informe do servizo de Limpeza, de data 06/04/2006, indicando non teren constancia dos feitos denunciados.*
- *Práctica de proba testifical, en datas 19/05 e 04/08/2006, ás testemuñas propostas polo reclamante, que confirman os extremos alegados polo Sr. Molares.*
- *Informe do Parque Móbil, de data 06/06/2006, comunicando que os prezos contidos no informe pericial da Compañía Estrella, presentado polo reclamante, por un importe de 472.13 euros IVE incluído, son correctos.*
- *Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Contener-Otto, concesionaria do servizo de mantemento de colectores de lixo, que formula alegacións en data 13/08/2007.*
- *Evacúase trámite de audiencia a Fomento de Construcciones y Contratas, concesionaria do servizo de limpeza e recollida de lixo, que formula alegacións en data 04/09/2007.*
- *Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións en data 28/09/2007.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento

administrativo común :

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- O dano prodúcese no marco dun servizo público, aínda que este servizo é asumido por un concesionario por canto o Pleno do Concello de Vigo na súa sesión de 29/07/2002 acordou adxudicarlle á Unión Temporal de Empresas formada por Contenor España S.L. e Otto Industrial y Medio Ambiente S.A. a concesión do servizo público para instalación, reposición e mantemento dos colectores e papeleiras no Concello de Vigo.

Os artigos 128.1.3º do Decreto de 17/06/1955, Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e 121.2 da Lei 16/12/1954, Lei de Expropiación Forzosa, imponen ó concesionario dun servizo público a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles cause o funcionamento do dito servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola corporación con carácter ineludíbel. No mesmo senso pronúnciase o artigo 97 do Real Decreto lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas. O procedemento para reclamar danos nestes supostos regúlase nos artigos 121 e 55 da Lei de 16/12/1954 citada, establecendo que a reclamación dirixirase á Administración que outorgou a concesión, quen resolverá tanto sobre a procedencia da reclamación sobre quen a debe aboar, resolución que deixará aberta a vía contencioso-administrativa.

Resulta preciso destacar a este respecto que o prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do contrato coa concesionaria establece na súa cláusula x-f) a obriga do concesionario de responder de que, en todo momento, estean instalados e en perfectas condicións de uso os colectores e papeleiras, e na súa cláusula II.2.c) como prestación ou de mantemento e reposición delas. Consecuentemente co anterior, na cláusula X.I.c) que o contratista estará obrigado a indemnizar os danos causados a terceiros como consecuencia das operacións que requira o desenvolvemento do servizo, agás cando o dano sexa producido por causas imputábeis ó Concello.

Terceiro.- Procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun concesionario.

O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, a recollida de lixo, aínda que os elementos para a prestación deste servizo son subministrados por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano e polo tanto está obrigado a indemnizar o prexudicado.

En efecto, entre os servizos públicos que o ordenamento xurídico encomenda á Administración local figura o de recollida de lixo (artigos 25.2.1 e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local) para a prestación do cal é necesaria a utilización de determinados medios materiais, como colectores situados na vía pública para o depósito de residuos sólidos, colectores subministrados por un concesionario encargado do seu mantemento. Ó Concello, como titular destes bens, correspóndelle o deber de vixilancia e mantemento dos mesmos, para que non poñan en risco a seguridade dos vehículos e persoas que utilizan a vía pública na que están situados, e este deber obriga á Administración a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que alteren as condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A carga da proba da existencia tanto dun dano avaliábel economicamente así como da súa conexión co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto lexislativo 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial).

Ós efectos de proba do suceso, o reclamante propón dúas declaracións testificais. As testemuñas propostas residen na rúa Carballeda de Vigo, e concretamente, segundo informe do servizo de Estatística do Concello que achegou numeración desa rúa que abrangue 40 números e na que se atopan varios terreos edificábeis, son veciños cun terreo no medio das súas vivendas. Non obstante isto, mentres un deles paseaba na mencionada rúa Castelao, o outro circulaba detrás do vehículo presuntamente sinistrado. A testemuña que paseaba no lugar di que viu un colector voando sen indicar o lugar concreto da rúa Castelao onde o viu, pero que non viu ó

condutor nin tampouco viu o colector golpear o vehículo. Non obstante coñece que o vehículo era novo e tiña quince días. Indica que se ben non coñece persoalmente á testemuña, localizárona de xeito casual a través dun familiar. A outra testemuña, veciño da anterior, ía circulando detrás e tamén viu un colector voar e como lle deu na porta dereita dun coche que lle parece un Peugeot. Indicar que se ben o reclamante o é segundo indica por danos nun lateral traseiro dereito e aleta traseira dereita a testemuña fala soamente de danos nunha porta da parte dereita. Así mesmo, se ben o reclamante achega informe pericial da súa compañía aseguradora, non acredita non ter sido indemnizado polo Consorcio de Compensación de Seguros que, segundo Real Decreto 300/2004, de 20 de febreiro, asume as indemnizacións correspondentes ocasionadas por ventos extraordinarios. De todo o anterior, constatadas importantes contradicións no expediente, resulta que non aparece acreditada a realidade dos danos producidos a consecuencia dun colector, nin que fosen reparados, nin o foron a cargo do reclamante, faltando polo tanto proba bastante de nexo causal entre os relatados no informe e o funcionamento dun servizo público municipal, polo que procede desestimar a reclamación efectuada.

Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Miguel Ángel Molares Francisco polos danos materiais supostamente causados ó vehículo de súa propiedade, con matrícula 3052-DWK, alcanzado por un colector de lixo o día 4 de marzo de 2006 na avenida Castelao.”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(1998).- RECLAMACIÓN DE D^a. FELICIDAD GONZÁLEZ AMADO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1061/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 22.10.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Felicidad González Amado presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 8 de maio de 2006, no que expón que, o día 14 de febreiro de 2005, mentres camiñaba pola Praza de América, a carón do Centro Comercial Camelias, sufriu unha caída por mor do mal estado da beirarrúa, producíndose danos de carácter físico e material.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, de data 13/02/2006, do axente actuante que manifesta que, persoado no lugar dos feitos, comproba a existencia das lousas en mal estado.
- Informes do servizo de Vías e Obras, de datas 21/09 e 17/11/2006, sobre o estado do lugar onde ocorreu o accidente.
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 528 euros.
- Parte do axente actuante, de data 01/10/2007, que manifesta que acudiu ó lugar dos feitos con posterioridade á caída.
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 17/10/2007.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en

consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulacón, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulacón, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resultan acreditados os seguintes feitos:

- O día 14/02/2006, data na que a reclamante sitúa a súa caída, esta recibiu asistencia médica no servizo de Urgencias do Hospital Xeral-Cíes ás 19:37 horas, por contusións na súa man e xeonllo esquerdos, segundo refire tras unha caída accidental había 24 horas na rúa ó tropezar cun lastro. Solicitado ditame médico ó efecto, emitiuse o 30/01/2007 e nel se valoran estas lesións en 528 euros por canto nel se di que segundo o Dr. Pérez precisou 20 días de tratamento por dor, e segundo informe médico a reclamante ten patoloxía de base sen relación co accidente sufrido.
- Se ben a efectos de proba indícase que foi testemuña e participante dos feitos un axente da Policía Local, este en informe de data 01/10/2007 di que se persoou no lugar con posterioridade ós feitos, despois de ser avisado deles, co que non os observou directamente. No seu parte de servizo de data 13/02/2006, data na que acudiu ó lugar, recolle polo tanto as manifestacións da reclamante observando que había no lugar catro lousas despegadas sinalizándoas a continuación.
- Non consta acreditada rotura de lentes a consecuencia da caída nin tampouco ningún lucro cesante por canto tampouco é probado que a reclamante exercera ningunha actividade económica, non atopándose en idade laboral.

De todo o anterior, resulta que non hai ningunha proba, salvo as propias manifestacións da interesada, de que o accidente ocorreu nas circunstancias que ela indica, isto é a consecuencia das lousas, por canto non houbo testemuñas directas dos ditos feitos e en informe médico refírese a unha caída na beirarrúa segundo refire a paciente, polo que, como ten dito o Consello Consultivo de Galicia en suposto similar (ditame nº 461/2006), a súa postura non pasa de ser unha mera tese argumental, desprovista dunha mínima eficacia probatoria que, obxectivando as súas alegacións, xustifique verosimilmente aquela aproximación indiciaria ós feitos, polo que a ausencia de proba suficiente aboca á inviabilidade da pretensión practicada.

Cuarto.- Consonte co anterior, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguinte indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Felicidad González Amado por unha caída ocorrida o día 14 de febreiro de 2006 na praza de América, por non resultar convenientemente probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(1999).- RECLAMACIÓN DE D^a. VALENTINA VÁZQUEZ RODRÍGUEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1191/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 24.10.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Valentina Vázquez Rodríguez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 18 de agosto de 2006, no que expón que o día 10 de agosto de 2006, mentres camiñaba polo rúa García Barbón, á altura do número 30, sufriu unha caída tras tropezar nunha tapa de sumidoiro que estaba solta mais semellaba estar en bo estado, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación substanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, de data 09/08/2006, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a Sra. Vázquez relátalles o accidente que tivera; igualmente comprobán a existencia da tapa de sumidoiro solta e de certas lesións na reclamante.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 22/09/2006, no que indican que as tapas son inadecuadas para zonas peonís.*
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 894,96 euros.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante en data 24/04/2007, que non formula alegacións.*
- Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas, que formula alegacións en data 11/05/2007.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos. Principio recollido con respecto ás entidades locais no artigo 54 de Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

Procede examinar tanto a existencia de dano como de relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun concesionario.

Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, abastecemento de auga e saneamento, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó prexudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministro de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.l 1 e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local e 80.2.l e 81 a da Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece na cláusula 26 que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento, e os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa impoñen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludible.

Cuarto.- Para que entre en xogo o instituto da responsabilidade patrimonial da Administración é preciso probar a existencia dos danos e a súa vinculación co funcionamento dalgún servizo público. A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á Policía Local, por se tivesen constancia do accidente, dado que a reclamante non indica ningunha testemuña presencial dos feitos, resultando que cando os axentes actuantes chegaron ó lugar do presunto accidente a caída xa acaecera polo que non foron testemuñas da mesma e non poden dar fe nin da súa realidade nin da súa causa, limitándose a recoller o relato dos feitos efectuado pola reclamante. Así mesmo, informan de que á súa chegada a arqueta supostamente orixe da caída estaba colocada no seu emprazamento orixinal. A Sra. Vázquez como proba limitase a achegar uns partes médicos, que proban que sufriu determinados danos persoais, pero non demostran nin o lugar onde acaeceron nin a causa dos mesmos.

En calquera caso, tampouco os danos que orixinaron a súa baixa laboral parecen corresponderse cos manifestados á Policía Local no momento da caída. Os axentes informan de que “a la citada señora se le observan rozaduras en ambas rodillas y se queja de dolores en la pierna derecha”. No parte do servizo de urxencias o día do accidente, 9 de agosto de 2006, constan como lesións “contusión lumbar, contusión rodilla derecha, contusión mano derecha”. O parte de baixa médica, de data posterior o accidente, 14 de agosto do mesmo ano, recolle como motivo da baixa enfermidade común e prevé como duración probábel da baixa 15 días. Non constando no expediente máis documentación médica que outro informe dun médico diferente no que se pon de manifesto que permaneceu de baixa laboral ata o día 11 de novembro de 2006 polas dores lombares. A xuízo do médico da asesoría médica do Concello “tres meses de baixa por unha contusión registrada a nivel lumbar, rodilla derecha y mano derecha es una exageración. No existen ni están explicadas las razones (mediante informes médicos) por las cuales precisó 90 días para curar unos golpes (no existieron lesiones óseas). Por otro lado, una caída hacia delante (contusión en rodilla derecha y mano derecha) no se como genera una lesión lumbar”.

Á vista destes datos, a informante conclúe que a reclamante non probou suficientemente os feitos nos que basea a súa reclamación e a súa conexión causal co funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración.

En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Valentina Vázquez Rodríguez por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público municipal”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(2000).- RECLAMACIÓN DE D^a. EDELMIRA PIQUENQUE SANTIAGO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1196/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 24.10.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Edelmira Piquenque Santiago presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 29 de agosto de 2006, no que expón que o día 3 de agosto de 2006, mentres camiñaba pola rúa Vilagarcía de Arousa, á altura do número 10, sufriu unha caída tras tropezar coa base dun elemento ornamental, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación substanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 18/09/2006, sobre o estado do lugar onde ocorreu o accidente.
- Informe do servizo da Policía Local, de data 26/09/2006, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 1.071,84 euros.
- Evacuouse trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 18/04/2007.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser

indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos. Principio recollido con respecto ás entidades locais no artigo 54 de Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- Que non sexa produto de forza maior.*

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, así, entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e a conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local e 80.2.d e 81. a da Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia). Neste senso, a Administración ten o deber ineludible de manter estas vías de modo tal que este garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó favor dos usuarios dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuítos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

Cuarto.- Para que entre en xogo o instituto da responsabilidade patrimonial da Administración é preciso probar a existencia dos danos e a súa vinculación co funcionamento dalgún servizo público. A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992). Nesta liña, ó interpoñer a súa reclamación inicial a Sra. Piquenque, en data 3 de agosto de 2006, esta Administración, en cumprimento do disposto no artigo 6 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das administracións públicas en materia de responsabilidade patrimonial, en relación cos artigos 70 e 71 da Lei 30/1992, solicitoulle como mellora do seu escrito de iniciación, que non reunía os requisitos mínimos esixidos pola lei, entre outros extremos “avaliación económica detallada indicando a cantidade que reclama” e “medios de proba que propón”, en escrito que lle foi notificado en data 31 de agosto de 2006. Como a reclamante non indica ningunha testemuña presencial dos feitos, o instrutor dirixiuse á Policía Local, por se tivesen constancia do accidente, resultando que na xefatura da Policía Local non teñen noticia do presunto accidente. A actividade probatoria da Sra. Piquenque limitase a achegar ó expediente diversos informes médicos que proban que sufriu determinados danos, pero non demostran nin o lugar da caída nin a causa da mesma, polo que a informante conclúe que a reclamante non probou suficientemente nin os feitos nos que basea a súa reclamación nin a súa conexión causal co funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración. Máis, aínda que resultase probada a caída, a suposta causa da mesma foi a existencia dunha base de fonte no centro da beirarrúa, base

que segundo informa o servizo de vías e obras ten un diámetro de 50 centímetros, e que, tal e como se aprecia nas fotografías obrantes no expediente, é ben visíbel, puntualizando o inspector informante que resulta visíbel ó menos a 5 metros de distancia. Á vista deste dato, é preciso concluír que a mesma non representaba un obstáculo para a circulación peonil por canto era apreciábel a bastante distancia con só empregar a dilixencia esixíbel para o control da propia deambulacón.

En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Edelmira Piquenque Santiago por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público municipal”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(2001).- RECLAMACIÓN DE D^a. JULIA ABOAL LORENZO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1177/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 24.10.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Julia Aboal Lorenzo presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 2 de agosto de 2006, no que expón que o día 10 e setembro de 2005, mentres camiñaba pola Travesía de Vigo, á altura do número 174, sufriu unha caída tras pisar unha baldosa que se atopaba en mal estado, producíndose danos de físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 31/08/2006, sobre o estado do lugar onde a reclamante refire a súa caída, no que manifestan que a zona atópase recén remodelada, descoñecendo o seu estado na data da caída.*
- *Práctica de proba testifical, en data 08/11/2006, á testemuña proposta pola reclamante, que confirma os extremos alegados pola Sra. Aboal.*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 379,68 euros.*
- *Evacuase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 03/04/2007.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*

- Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- No que respecta á existencia da relación de causalidade entre un dano probado e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

Polo que respecta ós danos que poden ser resarcidos a consecuencia do funcionamento dun servizo público, e consonte do cito no parágrafo anterior, é requisito necesario que a efectividade do dano sexa probada, requisito que segundo a xurisprudencia opera para acreditar todos e cada un dos elementos intervinientes na produción do dano e na xeración do correlativo dereito a ser indemnizado, de tal xeito que procede desestimar a pretensión se non se acredita a realidade do dano (Sentenza do Tribunal Supremo 29/04/1980), por canto o dano que pode ser indemnizábel é o que se produciu dun xeito real e efectivo, e por dano efectivo hai que entender o dano certo xa producido.

E así, da proba testifical practicada resulta que a reclamante caeu ó chan en data 10/09/2005, se ben a testemuña non a viu caer nin coñece a causa da caída, que ben puido ser por defectos na beirarrúa ou por calquera outra causa por canto a viu xa caída no chan.

Respecto a se a caída no lugar lle produciu algún dano avaliábel economicamente, este caso a escordadura no xeonllo polo que a reclamante presenta a solicitude, resulta que esta non achega, nin tramitado o expediente aparece, ningunha proba deste dano, nin asistencia médica en momentos posteriores nin informes médicos ó respecto. A testemuña refírese a que a solicitante dicía que tras apoiar o pé ó levantarse doíalle o xeonllo, o que non acredita a dita escordadura.

Por todo o que resulta que non hai ningunha proba, salvo as propias manifestacións da interesada, de que a súa caída tivo lugar nas circunstancias que indica, isto é a consecuencia de defectos na beirarrúa, e tampouco da escordadura de xeonllo a súa consecuencia, polo que como ten dito o Consello Consultivo en supostos similares (ditame 461/2006) a súa postura non pasa de ser unha mera tese argumental desprovista dunha eficacia probatoria que, obxectivando as súas alegacións, xustifique verosimilmente aquela aproximación indiciaria ós feitos, polo que a ausencia de proba suficiente aboca á inviabilidade da pretensión exercitada.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Julia Aboal Lorenzo por unha caída ocorrida o día 10 de setembro de 2005 na Travesía de Vigo, por falta de acreditación do dano causado e do nexa necesario entre este e o funcionamento dun servizo público municipal”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(2002).- RECLAMACIÓN DE D^a. M^a BELEN GARROTE GONZÁLEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1180/243.DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 24.10.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. María Belén Garrote González presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 4 de agosto de 2006, no que expón que o día 3 de agosto de 2006, mentres camiñaba pola rúa Mondariz, sufriu unha caída ó tropezar nunha chapa de corrente que había no chan, producíndose danos de carácter material e físicos tanto á súa persoa como a súa filla de 8 meses, que levaba no colo.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do servizo da Policía Local, de data 05/09/2006, manifestando non teren constancia dos feitos reclamados.*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 1.222,73 euros en relación á súa persoa e en 0 euros en relación á súa filla.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 07/12/2006, no que indican que a chapa na que ocorreu o accidente é de titularidade da empresa Fenosa.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 21/12/2006.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á

obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resultan acreditados os seguintes feitos:

- *Dna. Belén Garrote González e Claudia Taboas Garrote recibiron asistencia médica o día 03/08/2006 por diversas lesións tras caída na vía pública segundo refire.*
- *No expediente non constan testemuñas presenciais do accidente por canto intentada proba ó efecto, non se practicou pola súa incomparecencia.*
- *Solicitado informe á Policía Local de Vigo esta en data 05/09/2006 indica non ter constancia dos feitos.*
- *No expediente hai informe do servizo de Vías e Obras do Concello de data 07/12/2006 que di que a chapa á que se refire a reclamante como causante da caída forma parte do conxunto de tapa de C.T. e reixa de ventilación, que pertence a Unión Fenosa.*

Do exame do expediente, en especial informes do servizo de Vías e Obras mencionados e que consonte co artigo 89.5 da lei 30/1992 serve de motivación a esta resolución, resulta que procede desestimar a reclamación efectuada por falta de proba do dito nexo causal, non só porque non hai ningunha proba de como sucederon os feitos e que a cá'día o foi a consecuencia precisamente nun defecto na rúa por canto a estes efectos non son suficientes as propias manifestacións da reclamante, senón sustancialmente porque en todo caso as obrigas de mantemento e conservación do treito da beirarrúa onde presumibelmente tiveron lugar non lle correspondían ó Concello senón a un terceiro, neste caso a Unión Fenosa.

Cuarto.- Consonte co anterior, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguinte indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. María Belén Garrote González por unha suposta caída ocorrida o día 3 de agosto de 2006 na rúa Mondariz, por non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(2003).- RECLAMACIÓN DE D^a. MARÍA LUÍSA ALVAREZ PÉREZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1169/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 24.10.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. María Luísa Álvarez Pérez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 27 de xullo de 2006, no que expón que o día 30 de xuño de 2006, sufriu unha caída na entrada do mercado do Calvario por mor dunha plaqueta do pavimento que se atopaba afundida, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Parte do servizo da Policía Local, de data 30/06/2006, no que os axentes actuantes manifestan que,*

pesoados no lugar dos feitos, a Sra. Álvarez relátalles o accidente que tivera; igualmente, comprobán a existencia dunha lousa de pedra solta, que se movía ó ser pisada.

- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 29/08/2006, sobre o estado do lugar no que ocorreu o accidente, indicando que o desperfecto aínda non fora reparado na data do informe e que o mesmo era de difícil apreciación.
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 290,40 euros.
- Evacuábase trámite de audiencia á reclamante, en data 20/10/2006, que non formula alegacións.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduca na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resultan acreditados os seguintes feitos:

- *O día 30/06/2006 a reclamante recibiu asistencia médica no Hospital do Meixoeiro, por caída fortuita con ferida contusa e traumatismo nasal.*
- *Se ben a efectos de proba indica a Policía Local, o parte de servizo da Policía local indica que acudiu ó lugar onde caeu unha vez requiridos para iso, recollendo as manifestacións da reclamante de como tivera lugar a caída, observando un lastro defectuoso no lugar.*

De todo o anterior, resulta que non hai ningunha proba, salvo as propias manifestacións da interesada, de que o

accidente ocorreu nas circunstancias que ela indica, isto é a consecuencia das lousas e non por calquera outra causa, por canto non houbo testemuñas directas dos ditos feitos e o informe policial refírese a unha caída na beirarrúa segundo refírese a paciente, polo que, como ten dito o Consello Consultivo de Galicia en suposto similar (ditame nº 461/2006), a súa postura non pasa de ser unha mera tese argumental, desprovista dunha mínima eficacia probatoria que, obxectivando as súas alegacións, xustifique verosimilmente aquela aproximación indiciaria ós feitos, polo que a ausencia de proba suficiente aboca á inviabilidade da pretensión practicada.

Cuarto.- Consonte co anterior, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguinte indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. María Luísa Álvarez Pérez por unha caída ocorrida o día 30 de xuño de 2006 diante do mercado do Calvario, por non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(2004).- RECLAMACIÓN DE D^a. MARÍA A. GARCÍA-PAZ PEREIRA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1163 /243. ESTIMADA PARCIALMENTE.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 16.10.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo interventor xeral, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. María A. García-Paz Pereira presenta reclamación de responsabilidade patrimonial en nome e representación de D. Camilo Villanueva Miranda e de Dna. María del Rosario Vázquez Olivia, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 21 de xullo de 2006, no que expón que o día 17 de novembro de 2005, a Sra. Vázquez circulaba co vehículo de propiedade do Sr. Villanueva, matrícula 5398-DKG, pola rúa Areeiro e perdeu o control do mesmo, ó esvarar por mor da presenza de cascallo na vía, provocándose danos físicos á súa persoa e materiais ó devandito vehículo.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Dilixencias a prevención por accidente de circulación do Servizo da Policía Local, de data 17/11/2005, nas que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a Sra. Vázquez relátalles o accidente que tiveran; igualmente, comprobán a existencia de cascallo na vía, sen que houbera ningún tipo de sinalización deste feito, e de danos no vehículo.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 14/11/2006.*
- *Informe do servizo de Parque Móbil, de data 29/09/2006, manifestando que os prezos contidos na factura nº 251614 de Gabisa Automoción S.L., presentada polos reclamantes, por un valor de 3.973,68 IVE incluído son correctos.*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 3.374,93 euros.*
- *Evacuase trámite de audiencia ós reclamantes, que formulan alegacións en data 03/04/2007.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de

responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así , a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

Non obstante, e de conformidade cos ditames números 135/2006 e 45/1997, entre outros, do Consello Consultivo de Galicia, o principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial creba cando as condicións obxectivas na vía aperciben a un usuario, minimamente diligente, sobre a presenza na calzada de elementos materiais insinuantes de perigos potencias que esixen unha adecuación da conducción e un incremento das marxes de precaución para adecuar a velocidade por causa destes elementos circunstanciais que incrementan o risco, enervando así o principio de confianza.

Terceiro.- A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

Do exame do expediente, resultan acreditados os seguintes feitos:

- Dna. María del Rosario Vázquez Oliva en data 17/11/2005 perdeu o control do vehículo que conducía, Citroen C3, con matrícula 5398-DKG, de propiedade de D. Camilo Villanueva Miranda, nun tramo curvo da rúa Areeiro de Vigo que se atopaba recentemente asfaltado e cuberto cunha capa de cascallo dun centímetro de grosor, sen que a calzada estivese sinalizada con ningún tipo de sinalización de obras nin de firme esvaradío nin de velocidade reducida.
- Do informe do servizo de Vías e Obras de data 14/09/2006, que as obras foron executadas entre os días 14 e 16 de novembro de 2005 e a responsabilidade delas era do Concello de Vigo.
- O vehículo resultou con danos que relatan as dilixencias a prevención por accidente de circulación da Policía Local, que acudiu ó lugar tras aconteceren os feitos, que se repararon en contía de 3.973,68 euros, e que o servizo do Parque Móbil deste Concello estima correctos.

Cuarto.- Polo que respecta á reclamación por lesións de Dna. María Rosario Vázquez Oliva preséntase a efectos de proba asistencia médica no servizo de Urxencias do Hospital Xeral-Cíes, así como partes de baixa laboral de 17/11/2005 a 20/02/2006, indicándose por esta que parte do seu salario intégrano diversas comisións que pola baixa laboral se deixaron de percibir.

Resulta polo tanto que Dna. María Rosario é unha traballadora por conta allea. E neste suposto, caso de acreditárense as lesións e o nexo causal preciso entre estas e o funcionamento dun servizo público resultaría preciso, consonte coas últimas sentenzas ditadas polo Xulgado contencioso-administrativo número 2 de Vigo (entre outras 206/2007, 207/2007, 208/2007 de datas 9 e 10 de setembro, e 126/2007 de 7 de maio), que aplica o

criterio sinalado polo Tribunal Supremo na sentenza de 30/01/2006, ter en conta as cantidades percibidas en concepto de incapacidade laboral da Seguridade Social durante ese período, co obxecto de minorar a indemnización a que tería dereito, posto que en caso contrario produciríase un suposto de enriquecemento inxusto para a lesionada.

En todo caso, o certo é que no parte de dilixencias a prevención por accidente de circulación que levantou a Policía Local de Vigo consta que a condutora do vehículo, Dna. María Rosario Vázquez Oliva, resultou ilesa. A estes efectos, tal e como ten dito o Consello Consultivo de Galicia en supostos similares, resulta que non hai ningunha proba, salvo as propias manifestacións da interesada, de que as lesións das que foi atendida o foron a consecuencia do mencionado accidente, por canto non houbo testemuñas directas que así o testifiquen e a Policía Local di que saíu ilesa, recollendo o parte de Urxencias as propias manifestacións da interesada, polo que a súa postura non pasa de ser unha mera tese argumental, desprovista dunha mínima eficacia probatoria que obxectivando as súas alegacións xustifique verosimilmente a aproximación indiciaria ós feitos, polo que a ausencia de proba suficiente aboca á inviabilidade da pretensión exercitada (ditame número 461/2006).

Quinto.- Polo exposto, acreditado o nexos causal entre os danos no vehículo que se reclaman e o funcionamento dun servizo público municipal, non así as lesións de Dna. María Rosario Vázquez Oliva, procede estimar en parte a reclamación efectuada e indemnizar a D. Camilo Villanueva Miranda na cantidade de 3.973,68 euros.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar parcialmente a reclamación formulada por Dna. María A. García-Paz Pereira en nome e representación de D. Camilo Villanueva Miranda e de Dna. María del Rosario Vázquez Oliva por un accidente ocorrido o día 17 de novembro de 2005 na rúa Areeiro, e indemnizar ó Sr. Villanueva na contía de 3.973,68 euros”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(2005).- RECLAMACIÓN DE D. ADRIÁN RUIZ PALOMARES DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1160/243. ESTIMADA PARCIALMENTE.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 16.10.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo interventor xeral, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Adrián Ruiz Palomares presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 20 de xullo de 2006, no que expón que o día 30 de xaneiro de 2006 sufriu unha caída na rúa Sanjurjo Badía, á altura do número 103, tras introducir o pé no oco dunha baldosa rota, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 20/09/2006, sobre o lugar onde o Sr. Ruiz afirma ter ocorrido o accidente.*
- *Práctica de proba testifical, en data 01/12/2006, ás testemuñas propostas pola reclamante, que confirman os extremos alegados polo Sr. Ruiz.*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 16.268,62 euros.*
- *Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, en data 07/03/2007, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de

responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- É preciso, polo tanto, en primeiro lugar, constatar a existencia dun dano efectivo, individualizado e avaliábel economicamente. É acreditado que D. Adrián Ruiz Palomares caeu na rúa Sanjurjo Badía o 30/01/2006, padecendo diversas lesións. Solicitouse ditame médico ó efecto, que foi emitido o 08/02/2007 e que consonte co disposto no artigo 89.5 da Lei 30/1992 serve de motivación a esta resolución, avaliándose estas en 16.268,62 euros, ó estimar en 10.763,82 euros en concepto de incapacidade laboral e dado que o lesionado presenta unha limitación funcional do 50% e á abolición total dos movementos de ombro en posición funcional corresponderíalle 20 puntos por secuelas, procede asignar 10 puntos, isto é, 5.504,80 euros.

Terceiro.- No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

No informe do servizo de Vías e Obras que hai no expediente dise que as dimensións do desperfecto a consecuencia do que caeu o reclamante son de 0,40 x 0,20 metros. Así mesmo, no dito informe dise que a distancia a que se pode ver o desperfecto está en función da atención do viandante xa que si se dirixe a mirada cara el pódese ver a 10 metros de distancia, o que se corrobora coa declaración dunha das testemuñas propostas que di que calquera pode meter o pé no lugar se vai algo distraído. Ademais con esta proba testifical quedou acreditado que cando o feito tivo lugar era de día e había boa visibilidade, de todo o que resulta acreditado que soamente a consecuencia dun despiste ou distracción tivo lugar a caída, polo que consonte coa doutrina mencionada houbo unha falla de dilixencia no control da propia deambulación do reclamante, que propiciou a súa caída.

Non obstante, hai dúas circunstancias que constan no expediente que atemperan en parte o anterior: que D. Adrián Ruiz Palomares é unha persoa relativamente maior e que no lugar tropezara máis xente. Cómpre indicar ó respecto a xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 22/07/1998), que di que naqueles casos nos que o dano poida acaecer por concorrencia de causas imputábeis unhas á Administración por funcionamento anormal do servizo e outras a persoas alleas e inclusive ó propio prexudicado, proceden criterios de compensación (asumindo cada unha a parte que lle corresponde) ou de atemperar a indemnización as características ou circunstancias concretas do caso examinado.

Cuarto.- Consecuentemente co anterior, pódese concluír que aínda que a negligencia da vítima interferiu no

nexo causal co seu defectuoso control do propio deambular, tendo en conta as circunstancias sinaladas, pódese concluír que hai unha concorrencia de culpas entre a reclamante e a Administración, polo que procede indemnizar a solicitante co 50% da valoración da indemnización por danos corporais estimada no ditame emitido pola Asesoría médica do Concello, isto é, coa cantidade de 8.134,31 euros.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Estimar parcialmente a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Adrián Ruiz Palomares por unha caída ocorrida o día 30 de xaneiro de 2006 na rúa Sanjurjo Badía e indemnizalo coa contía de 8.134,31 euros”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(2006).- RECLAMACIÓN DE D^a. MARÍA DEL CARMEN PARDO RUIZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1189/243. DESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 23.10.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. María del Carmen Pardo Ruiz presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 17 de agosto de 2006, no que expón que o día 11 de agosto de 2006, mentres camiñaba por unha escaleira de acceso á praia de Samil, diante do posto da Cruz Vermella, sufriu unha caída por estar a dita escaleira defeituosa, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación substanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 18/09/2006, no que indican que non existe un desperfecto propiamente dito na escaleira, senón que un dos seus chanzos ten maior altura que os demais.*
- *Parte do servizo da Policía Local, de data 11/08/2006, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a Sra. Pardo relátalles o accidente que tivera; igualmente comprobán o chanzo con maior desnivel que entenden que non presenta un perigo en si.*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 1.301,76 euros.*
- *Evacuase trámite de audiencia á reclamante, en data 24/04/2007, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos. Principio recollido con respecto ás entidades locais no artigo 54 de Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*

- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun contratista.

Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, o establecemento e mantemento de parques e xardíns, aínda que tal servizo é asumido por unha empresa contratista, polo que é preciso deslindar a imputabilidade de ambas as dúas para determinar cal é a responsábel do dano, e polo tanto está obrigada a indemnizar ó prexudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de parques e xardíns (artigos 25.2.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local e 80.2.d da Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia). A Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que os utilicen. A Xunta de Goberno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria de data 29 de marzo de 2005, acordou adxudicar a CESP, Compañía Española de Servizos Públicos Auxiliares, S.A., a xestión do servizo público de conservación e reposición de zonas verdes conforme ó prego de condicións técnicas e administrativas, aprobado polo acordo da Xunta de Goberno en data 8 de novembro de 2004 e modificado posteriormente en data 29 de novembro do mesmo ano, contrato outorgado por un prazo de 8 anos, contado a partir do 1 de maio de 2005, contrato que estaba en vigor na data do accidente.

Consonte o establecido no artigo 97.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, “Será obriga do contratista indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato”. Así mesmo, o Prego de condicións administrativas que rexeu o concurso para a contratación da xestión do servizo público de conservación e reposición de zonas verdes e parques infantís do Concello de Vigo, no apartado 1º c) da cláusula XIX establece entre as obrigas do adxudicatario “responder dos danos e perdas que se ocasionen con motivo da execución do servizo, tanto a Administración municipal como a terceiros”. Neste senso, a responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel á empresa contratista.

Cuarto.- Para que entre en xogo o instituto da responsabilidade patrimonial da Administración é preciso probar a existencia dos danos e a súa vinculación co funcionamento dalgún servizo público. A carga da proba da existencia dun dano avaliable economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). No obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/92 de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á Policía Local, por se tiveran constancia do accidente, dado que a reclamante non aporta ningunha testemuña presencial dos feitos, resultando que os axentes acudiron o lugar dos feitos con posterioridade o momento en que acaeceu o accidente, polo que non poden dar fe da súa causa. A Sra. Pardo limitase a aportar como probas uns partes médicos, que proban que sufriu determinados danos persoais, pero non demostran nin o lugar onde tiñan acaecido nin a causa dos mesmos. En calquera caso, tanto a Policía Local como o Servizo de Vías e obras poñen de manifesto que nas escaleiras non existe ningún desperfecto senón que un dos escaleiróns ten maior altura que os demais así como unha inclinación maior do asento do paso.

A vista destes datos a informante conclúe que a reclamante non probou suficientemente os feitos nos que basea a súa reclamación e a súa conexión causal co funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración.

En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D^a. M^a del Carmen Pardo Ruíz por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público municipal”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(2007).- RECLAMACIÓN DE D^a. MARÍA DEL CARMEN OLIVEIRA BLANCO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE.1188 /243.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 23.10.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. María del Carmen Oliveira Blanco presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 17 de agosto de 2006, no que expón que o día 14 de agosto de 2006, mentres camiñaba polo Paseo de Alfonso XII, á altura da caseta de turismo, sufriu unha caída ó tropezar nunha das tapas de sumidoiro que estaba en malas condicións, producíndose danos de carácter material.

A reclamación substanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 04/09/2006, no que indican que a reixa do sumidoiro que se atopaba levantada é de titularidade da concesionaria Aqualia.*
- *Informe do servizo da Policía Local, de data 07/09/2006, manifestando non teren constancia dos feitos reclamados.*
- *Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas, que formula alegacións en data 25/10/2006.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, en data 04/10/2006, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos. Principio recollido con respecto ás entidades locais no artigo 54 de Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

Procede examinar tanto a existencia de dano como de relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun concesionario.

Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, abastecemento de auga e saneamento, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó prexudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministro de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local e 80.2.1 e 81 a da Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, otorgou en réximen de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece na cláusula 26 que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento, e os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa impoñen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludible.

Cuarto.- Para que entre en xogo o instituto da responsabilidade patrimonial da Administración é preciso probar a existencia dos danos e a súa vinculación co funcionamento dalgún servizo público. A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). No obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/92 de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á Policía Local, por se tiveran constancia do accidente, dado que a reclamante non aporta ningunha testemuña presencial dos feitos, resultando que na Xefatura non teñen noticia da presunta caída. A Sra. Oliveira manifesta ter dores orixinados pola caída e reclama unha compensación económica por estes danos físicos así como o aboamento do importe dun quilo de plátanos e dun de fresas que levaba no momento da caída e que resultaron escachados. No entanto, non aporta ningún informe médico nin tampouco o ticket de compra da froita. Á vista destes datos, a informante conclúe que a reclamante non probou suficientemente os feitos nos que basea a súa reclamación e a súa conexión causal co funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración.

En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dª. María del Carmen Oliveira Blanco por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público municipal”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(2008).- RECLAMACIÓN DE D. MANUEL ALBERTO GALLEGO ÁLVAREZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1069/243. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral

do Servizo de Patrimonio, do 24.10.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo interventor xeral, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Manuel A. Gallego Álvarez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 15 de maio de 2006, no que expón que o día 7 de novembro de 2005, ó circular co vehículo de súa propiedade, matrícula GC-7595-BF, pola rotonda Teófilo, tivo un accidente por mor dunha focha existente na calzada, producíndose danos materiais ó devandito vehículo.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Parte do servizo da Policía Local, de data 07/08/2005, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, D. Alberto Gallego Carrera relátalles o accidente que tivera co vehículo no lugar; igualmente comprobán a existencia de danos no devandito vehículo e da focha.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 22/05/2006, sobre a focha en cuestión e no que indican que a mesma foi reparada o 13/12/2005.*
- *Informe do servizo de Parque Móbil, de data 05/10/2006, manifestando que os prezos contidos na factura nº 1625 de Neumáticos Rodaben, presentada polo reclamante, por un importe de 270 euros IVE incluído son correctos.*
- *Evacuábase trámite de audiencia ó reclamante en data 20/09/2007, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así , a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

Non obstante, e de conformidade co ditame número 135/2006 do Consello Consultivo de Galicia, o principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial creba cando as condicións obxectivas na vía

aperciben a un usuario, minimamente diligente, sobre a presenza na calzada de elementos materiais insinuantes de perigos potencias que esixen unha adecuación da condución e un incremento das marxes de precaución para adecuar a velocidade por causa destes elementos circunstanciais que incrementan o risco, enervando así o principio de confianza.

Terceiro.- A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

Do parte do servizo da Policía Local que acudiu ó lugar inmediatamente ocorridos os feitos resultan acreditados tanto o dano no vehículo polo que se reclama como o seu nexo causal co funcionamento dun servizo público municipal. De feito, a fochanca quedou sinalizada e reparouse posteriormente ós feitos e a súa consecuencia, conforme informa o servizo de Vías e Obras do Concello. Acredítase tamén que os prezos da factura de reparación son correctos.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar a reclamación patrimonial interposta por D. Manuel A. Gallego Álvarez polos danos materiais ocasionados o 7 de novembro de 2005 ó vehículo de súa propiedade, con matrícula GC-7595-BF, e indemnizálo coa contía de 270 euros”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

28(2009).- RECLAMACIÓN DE D. CARLOS PÉREZ PÉREZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1210/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 26.10.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Carlos Pérez Pérez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 11 de setembro de 2006, polos danos e perdas sufridos por mor dunha caída acaecida o día 4 de setembro de 2006, mentres camiñaba pola avenida Montero Ríos, á altura do número 2, debida ó estado do pavimento, que estaba mollado por mor da realización de tarefas de baldeo polo persoal encargado de mantemento e limpeza.

A reclamación substanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Limpeza, de data 28/09/2006, no que indican que o día do accidente operarios da empresa contratada para a limpeza viaria estaban a realizar o baldeo da zona, como se fai diariamente.*
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 1.061,23 euros.*
- Práctica de proba testifical en data 15/05/07 á testemuña proposta polo reclamante.*
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante en data 25/05/2007, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos. Principio recollido con respecto ás entidades locais no artigo 54 de Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun concesionario.

Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, así, entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de limpeza viaria (artigos 25.2.l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local e 80.2.l e 81. a da Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria de data 29 de setembro de 2000 outorgou concesión administrativa do servizo público de limpeza viaria a Fomento de Construcciones y Contratas S.A.

A Administración ten o deber ineludíbel de manter estas vías de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuítos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos usuarios nas condicións de seguridade das rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciables, dará lugar á responsabilidade da Administración, responsabilidade que só decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro. No caso que nos ocupa, o reclamante manifesta ter esvarado, o que se traduce nunha perda involuntaria do equilibrio, e de supor que por mor de que a beirarrúa estaba mollada como consecuencia das operacións de baldeo que se estaban a realizar para a limpeza da rúa. Trátase polo tanto dun feito fortuíto e casual, totalmente alleo ó ámbito de responsabilidade da Administración. O informe do Servizo de Limpeza constata que a limpeza da beirarrúa estíbese a realizar tal e como esixe o prego de condicións que rexe ó servizo. O Sr. Pérez, ó ver os operarios baldeando, debeu extremar a precaución no control da súa propia deambulación, pois é de supor que se estaban baldeando a beirarrúa estaría mollada, o que aumenta o risco de accidentes como o que lle ocorreu o reclamante, e se engadimos o dato de que a vítima é unha persoa carente de defectos físicos ou psíquicos que lle puidesen impedir ou dificultar a detección desta circunstancia, podemos concluír que a negligencia da vítima interferiu no nexo causal, impedindo vincular ó funcionamento do servizo público o dano padecido.

En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Carlos Pérez Pérez por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público municipal”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

29(2010).- RECLAMACIÓN DE D. ALFREDO CASADO VÁZQUEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1185/243.DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 25.10.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Alfredo Casado Vázquez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 11 de agosto de 2006, no que expón que o día 25 de febreiro de 2006, mentres camiñaba pola rúa Doctor Carracido, á altura do número 101, sufriu unha caída por mor da existencia dunha baldosa solta na beirarrúa, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Dilixencias do servizo da Policía Local, de data 02/03/2006, nas que o sarxento de atestados manifesta que o Sr. Casado comparece na xefatura de Policía e declara o accidente que tivera; igualmente manifesta que, tras se persoaren no lugar dos feitos, os axentes comprobaban a existencia dunha baldosa solta.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 31/10/2006, no que indican que a baldosa solta pertence a unha reposición de Aqualia (rexistro de acometida).*
- *Práctica de proba testifical, en data 13/12/2006, a unha das testemuñas propostas polo reclamante, que confirma os extremos alegados polo Sr. Casado.*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 4.610,40 euros.*
- *Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións en data 07/05/2007.*
- *Evacúase trámite de audiencia á U.T.E Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas, que formula alegacións en data 22/06/2007.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun concesionario.

Terceiro.- Segundo informa o servizo de Vías e Obras, a baldosa pertence a unha reposición de Aqualia. O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, abastecemento de auga e

saneamento, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó prexudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministro de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local e 80.2.1 e 81 a da Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece na cláusula 26 que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento, e os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa impoñen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludíbel.

Cuarto.- Para que entre en xogo o instituto da responsabilidade patrimonial da Administración é preciso probar a existencia dos danos e a súa vinculación co funcionamento dalgún servizo público. A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992). E así, do exame do expediente resulta que:

- O reclamante recibiu asistencia médica no Centro médico Povisa, S.A. de Vigo o 26/02/2006 diagnosticándosele unha fractura no seu nocello dereito, motivo polo que causou baixa laboral do seu traballo autónomo do 26/02/2006 ó 21/06/2006, cualificándose o accidente como accidente de traballo.
- Se ben manifesta que o 25/02/2006 o accidente tivo lugar ó tropezar cunha baldosa que se atopaba solta, hai no expediente informe da Policía Local de Vigo consonte este se presenta nas súas dependencias o 01/03/2006 e manifesta que: o accidente tivo lugar ó meter un pé nun oco onde non había ningunha baldosa achegando ó mesmo fotografía, copia da que hai no expediente, onde se observa claramente a dita falta de baldosa. O espazo ocupado pola baldosa segundo o informe de Vías e Obras é de 0,30 x 0,30 m². Presentada a Policía Local no lugar constata como nel non falta ningunha baldosa senón que esta se atopa colocada, se ben estaba solta e sen formigonar. Cando o servizo de Vías e Obras acode ó lugar atópase tamén nese estado.
- No parte de accidente de traballo que se achega, de data 06/03/2006, consta que non houbo testemuñas do accidente. Non obstante, practícase proba testifical a instancia do reclamante á persoa que coñece persoalmente o reclamante. Esta manifesta que o accidente tivo lugar por mor dunha baldosa solta (consecuentemente non por mor dun oco por falta de baldosa). non obstante, que se podía visualizar ben. Tamén di que o reclamante tras levantarse da caída, marchouse coxeando e se queixaba dunha perna. Identifica o lugar onde os feitos ocorreron coa baldosa colocada no seu lugar.

En primeiro lugar, débese ter en conta que, caso de acreditárense os feitos e a súa relación co funcionamento dun servizo público municipal, o reclamante tivo que percibir durante o período da súa baixa laboral prestacións por mor do accidente laboral da Mutua Gallega, e polo tanto estas terían que ser deducidas da correspondente indemnización, tal e como ven sentenciando o xulgado do contencioso-administrativo número 2 de Vigo (entre outras 126/2007 de 07/05 e 206/2007, 207/2007, 208/2007 de datas 09 e 10/09), caso contrario produciríase un suposto de enriquecemento inxusto para o lesionado.

A proba nun procedemento administrativo e a actividade de comprobación dos datos alegados, neste suposto a causa do dano, o que ten importancia para determinar se se trataba dun defecto oculto ou non segundo a

doutrina exposta, así como das consecuencias do dito dano, isto é, que as lesións polos que foi tratado o reclamante en data posterior ós feitos o foron precisamente a consecuencia destes.

O feito de recibir asistencia médica nunha data posterior á dos feitos por si só non ter maior trascendencia se é que do resto do exame do expediente resultan probados con certeza os feitos. Non obstante, neste expediente, ademais da dita asistencia médica en data posterior que en nada demostra que o foi a consecuencia do tropezo na baldosa por canto refírese a lesións nun pé e a testemuña observa que se tras a caída o reclamante se queixaba de dor nunha perna, obsérvanse numerosas contradicións. Resulta demostrado que cando o reclamante se presenta na Policía Local refírese a un oco por falta de baldosa, o que se proba concluentemente coa fotografía que el mesmo achegou ó efecto, suposto no que o defecto sería visíbel e non procedería responsabilidade patrimonial consonte coa doutrina citada. Non obstante, con posterioridade, refírese a un lastro solto, que a testemuña di que se vía ben, e persoada a Policía Local efectivamente este se atopaba no seu lugar, e a testemuña di que así o viu o día dos feitos. Non se sabe que ocorreu co lastro e quen o colocar no lugar tras a obtención da fotografía e a posterior persoación da Policía Local nel.

Todas estas circunstancias fan que tanto os feitos como que a lesión o fosen a consecuencia do funcionamento dun servizo público municipal non resulten debidamente probados, polo que procede desestimar a reclamación efectuada, conceptuando o accidente como un accidente común e polo tanto non indemnizábel por esta Administración.

En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Alfredo Casado Vázquez por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público municipal”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

30(2011).- RECLAMACIÓN DE D^a. NATIVIDAD ÁLVAREZ DOMÍNGUEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE.1184 /243. RESPONSABLE UTE AQUALIA-FCCSA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 25.10.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Natividad Álvarez Domínguez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 11 de agosto de 2006, no que expón que o día 31 de xullo de 2006, mentres camiñaba pola rúa Romil, á altura do número 85, sufriu unha caída tras pisar un sumidoiro que se atopaba sen tapa, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Parte do servizo da Policía Local, de data 31/07/2006, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a Sra. Álvarez relátalles o accidente que tivera; igualmente que a reclamante presentaba lesións físicas.*
- *Informes do servizo de Vías e Obras, de datas 23/11 e 28/12/2006*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 1.600,25 euros.*
- *Evacúase trámite de audiencia en data 28/02/2007, que non formula alegacións.*
- *Evacúase trámite de audiencia á U.T.E Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas, que formula alegacións en data 22/03/2007.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de

responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun concesionario.

Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, abastecemento de auga e saneamento, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó prexudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministro de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local e 80.2.1 e 81 a da Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece na cláusula 26 que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento, e os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa impoñen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludíbel.

Cuarto.- Para que entre en xogo o instituto da responsabilidade patrimonial da Administración é preciso probar a existencia dos danos e a súa vinculación co funcionamento dalgún servizo público. A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992). Do exame da documentación que hai no expediente, en especial do informe da Policía Local de Vigo resulta constatado que a reclamante caeu na rúa a consecuencia da tapa dun sumidoiro na rúa Romil de Vigo o día 31/07/2006, atopándose en avanzado estado de xestión, circunstancia que se valora na percepción dos posibles defectos do sumidoiro, por canto non se coñece exactamente se a tapa se desprazou ó pisar nela ou se o sumidoiro carecía dela no momento. A consecuencia da caída sufríu diversas erosións das que recibiu asistencia médica e que en ditame médico solicitado ó efecto se valoran en 792 euros.

Non consta que a reclamante traballase polo que non procede facer ningunha corrección por ingresos en idade laboral. Respecto ás posibles secuelas do accidente, en data 24/08/2006, isto é, transcorrido menos dun mes

desde o accidente, aprécianse lesións cicatrizantes, o que resulta claramente insuficiente para a súa apreciación, e isto por canto como ten dito o Consello Consultivo de Galicia (ditame 007/2007) non consta con precisión nun informe médico o seu carácter crónico, e principalmente porque non se concreta o grao de afectación por elas da capacidade laboral da reclamante, polo que non resulta constatado que lle quede como secuela un prexuízo estético permanente.

En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Natividad Álvarez Domínguez por unha caída ocorrida o día 31 de xullo de 2006 na rúa Romil.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á U.T.E. Aqualia-FCC S.A., empresa concesionaria do servizo municipal de augas, de conformidade co establecido no artigo 26 do prego de condicións da concesión administrativa do servizo de xestión integral do abastecemento de auga e do Concello de Vigo, debendo a dita empresa indemnizar á reclamante na contía de 792 euros, polos danos e perdas sufridos por mor do accidente”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

31(2012).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN DE DIVERSOS SERVIZOS MUNICIPAIS. EXPTE. 17787/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, de 30.10.07, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 22.10.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o gasto por un importe de 7.762,09 € correspondente ás indemnizacións por desprazamento no termo municipal por razóns do servizo do persoal municipal, correspondentes aos servizos de Limpeza, OSPIO-Vías e Obras-Control Concesionarias, Seguridade, Parque Móbil, Benestar Social, Cemiterios, Contratación, Conserxería, Participación Cidadá, Normalización Lingüística, Museo Quiñones de León e Inspección de Tributos con cargo á clasificación económica do orzamento 231.00.00 -Gastos de Locomoción.

	Servizo	Total
4420	Limpeza	416.33
5110	OSPIO-Vías e Obras-Control Concesionarias	2.444,08
2220	Mobilidade e Seguridade	400.71
1212	Parque Móbil	206,38
3130	Benestar Social	21.85
4430	Cemeterios	135.28
1216	Patrimonio e Contratacion	452.01
1210	Conserxería	1155.58
4631	Participación Cidadá	97.02
4633	Normalización Lingüística	22.80
4513	Museo Quiñones de León	159.69
6110	Inspección de Tributos	2250.36
	TOTAL	7762.09

32(2013).- MODIFICACION PUNTUAL DA VIXENTE RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO. EXPTE. 17810/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal do 19.10.07, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1. En instrucción do servizo de data 19 de outubro do 2007 o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ordenou á Unidade de Persoal a realización daqueles trámites administrativos necesarios para o sometemento a debate na Xunta de Goberno Local dunha proposta de modificación puntual da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT) en canto ao posto de traballo denominado “Inspector de Persoal”, cambiando a denominación do mesmo pola de “Auxiliar dos Servizos de Inspección” e incardinándoo dentro da escala de administración xeral ou especial, dentro do antigo grupo D (actual subgrupo C2) ao cal pertence.

2. O devandito posto de traballo, incardinado orgánicamente na Xefatura da Área de Réxime Interior, atópase vacante na actualidade e dende o pasado mes de agosto pola toma de posesión como funcionario de carreira con cargo a praza distinta do empregado municipal que ata o momento figuraba adscrito ao mesmo.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I. A recente entrada en vigor o pasado 13 de maio do novo marco normativo constituído pola Lei 7/2007, do 13 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) que resulta de aplicación directa ao persoal ó servizo da Administración Local ex artigos 3 e 7 do mesmo, conleva un réxime xurídico diferente ao existente ata o momento; nembargantes, e en canto á ordenación dos postos de traballo e os instrumentos materializadores da mesma, non implica modificacións relevantes. Prevé o artigo 74 da dita norma que as Administracións Públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos de traballo ou de outros instrumentos organizativos similares, que comprenderán, alomenos, os seguintes aspectos:

- Denominación dos postos de traballo.
- Grupos de clasificación profesional.
- Corpos ou escalas aos que estén adscritos.
- Sistemas de provisión.
- Retribucións complementarias.

Finalmente o citado precepto sinala que os ditos instrumentos serán públicos.

II. De conformidade coa Disposición derogatoria única, apartado b) do devandito Estatuto Básico do Empregado Público, permanece vixente o artigo 15 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, que define á Relación de Postos de Traballo (en adiante, RPT) como o instrumento técnico a través do cal se realiza a ordenación do persoal dacordo coas necesidades dos servizos e se precisan os requisitos para o desempeño de cada posto. O devandito instrumento é consecuencia directa da potestade de autoorganización das entidades locais consignada no artigo 4 da Lei 7/1985, do 2 de agosto, Reguladora das Bases do Réxime Local, trasposta ao ámbito dos recursos humanos dos que dispoñen as Administracións Locais para o desenvolvemento das súas funcións, e concretado na posibilidade de configuración dunha organización de postos de traballo adaptada ás súas características e acorde coa finalidade esencial da adecuada prestación dos servizos públicos.

III. Asimesmo, tras a modificación operada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, nos municipios suxeitos ao réxime de grande poboación a competencia para a aprobación das RPT ou instrumento equivalente reside na Xunta de Goberno Local -xuntamente coas retribucións do persoal municipal- sempre de conformidade co presuposto aprobado polo Pleno e obviamente

respectando a competencia que para a aprobación do cadro de persoal ou plantilla recolle o artigo 123.1.h) da referida Lei 7/1985, vinculada á aprobación dos orzamentos municipais para cada exercicio económico.

A competencia residual en materia de persoal residencia na Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) in fine -sempre sen vulneración das referidas competencias plenarias, así como da competencia en materia da superior dirección do persoal municipal que a Alcaldía-Presidentencia ostenta consonte ao artigo 124.4.i) e as que pida ostentar por delegación o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal- implica que a Administración Local pode proceder á regulación dos seguintes aspectos:

Concreción dos postos que resultan necesarios en cada servizo e determinación das funcións inherentes ao mesmo a través das titulacións esixidas para o seu desempeño.

- Fixación da forma de provisión de postos de traballo, dentro da marxe de discrecionalidade permitido pola lei.
- Asignación de funcións en exclusiva de determinados postos, xunto coa determinación do sistema de retribucións consonte ao disposto na normativa vixente.

IV. A transformación proposta non parece implicar alteración do cadro de persoal orzamentario aprobado polo Pleno do Concello en data 28/02/2005 (publicado no BOP nº 108, do martes 7 de xuño de 2005, xunto coa RPT) xa que o posto de traballo citado ten a condición de posto existente na vixente RPT, contando coa correspondente dotación presupostaria plenariamente aprobada relativa ás prazas existentes no Concello de Vigo, susceptibles de seren encadradas nos distintos postos de traballo contidos na RPT.

Como sinala a doutrina especializada (v. CORRAL VILLALBA, J. en “Manual de Gestión do Persoal da Administración Local”, Ed. Thomson Civitas; PÉREZ LUQUE, A. en “La provisión y pérdida de puestos de trabajo de las Corporaciones Locales”, Ed. El Consultor) a Administración goza de iniciativa propia para modificar en calquera momento a RPT, como ocorre con calquera outra disposición de carácter xeral emanada da Corporación (neste caso, da Xunta de Goberno Local, órgano competente para a súa aprobación); en concreto, son frecuentes as modificacións puntuais tales como creación e supresión de postos de traballo, cambio de nivel de complemento de destino ou de complemento específico, novas atribucións ou novos requisitos para a provisión dos mesmos.

V. En canto ao cambio de denominación do posto de traballo concreto (de Inspector de Persoal ao de “Auxiliar de Inspección de Persoal”) debe salientarse que se trata dunha adecuación á realidade práctica existente, tanto polas funcións propias do posto de traballo -dependente da Xefatura da Área de Réxime Interior e con estreita colaboración coa Unidade de Persoal- dado que o Estatuto Básico do Empregado Público consigna no seu artigo 54 os denominados “órganos de inspección”, que deberán ser os que traballen no control e tramitación dos aspectos relativos ao réxime disciplinario que a dita norma diseña, así como da avaliación do desempeño como concepto retributivo de nova implantación, pendente na actualidade de desenvolvemento normativo.

Sen prexuízo de que por esta Unidade se estima imprescindible que o posto de traballo denominado “Inspector de Persoal” deba ser configurado no futuro dentro da escala técnica, grupo A2 (antigo grupo B), o anterior non obsta para que, polo momento e a salvo da creación dunha praza encadrada no grupo A2 en futuros exercicios orzamentarios que permita establecer un posto de traballo con auténticas funcións de inspección, exista a necesidade apremiante de que o posto de traballo actualmente vacante e que será denominado “auxiliar de Inspección de Persoal” poda ser cuberto de xeito inmediato, a fin de garantir o debido control nas obrigas de asistencia ao traballo, control do cumprimento do horario, preparación dos correspondentes descontos retributivos aos empregados/as que incumplan o preceptuado na legislación vixente e no acordo regulador no dito aspecto, permisos, licencias e vacacións, así como a necesaria colaboración coa Unidade de Persoal e Xefatura da Área de Réxime Interior en relación á tramitación de expedientes disciplinarios.

VI. Vistas as consideracións e informe expostos, en cumprimento da instrución do servizo dictada polo Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal en data 19/10/2007, e considerando que a precedente proposta non implica modificacións retributivas nin devengos económicos, elévase ao criterio da Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO.- Acordar o cambio de denominación do posto de traballo denominado “Inspector de Persoal”, código retributivo 148 da vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (RPT), adscrito á Xefatura da Área de Réxime Interior, pola de “Auxiliar de Inspección de Persoal”, incardinando o mesmo no subgrupo C2 (antigo grupo D), escala de Administración xeral ou especial, con idénticas retribucións ás existentes na actualidade.

SEGUNDO.- Ordenar a publicación da modificación efectuada no Boletín Oficial da Provincia en cumprimento do disposto no artigo 74 da Lei 7/2007, do 13 de abril.

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo aos interesados/as, concelleiros-delegados e xefes/as da Áreas e Servizos afectados, Réxime Interior, Unidade de Persoal e Organización e Métodos aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

33(2014).- GRATIFICACIÓN EN CONCEPTO DE GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS EXTRAORDINARIOS DE DOMINGOS, FESTIVOS E XORNADA NOCTURNA DO PERSOAL MUNICIPAL. EXPTE. 17755/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 30.10.07, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 16.10.07, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e o concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas segundo a seguinte distribución,

SERVIZO	RELACION	MES	TOTAL
CEMITERIOS	De Alfonso Sanmartin, Jesus a Vilanova Acuña, Delmiro	setembro	2.344,65
CONSERXERIA	Teresa Vaqueiro Herbello	setembro	33,50
CONSERXERIA	Amando Diz Ocampo	setembro	47,18
DESINFECCION	De Pardellas Avion , A Avelino a Seijas Alvarez, Jose Ramon	Agosto	131,70
DESINFECCION (Laceiro)	Andres Hervada Ventin	setembro	30,80
IMD	De Rey Vazquez Sergio a Rial Estevez Francisco	Xullo	155,16
IMD	De Rey Vazquez Sergio a Rial Estevez Francisco	Agosto	195,39
MONTES, PARQUES E XARDINS	De Araujo Conde Fernando a Vidal Alvarez Jose Luis	setembro	2.322,85
MUSEO CASTRELOS	De Ogando Lopez Jose Manuel a Castro Naveira Jesus	xullo, agosto, setembro	172,29
PARQUE CENTRAL	De Aira Pereiro, Emilio a Rodriguez Souto, Jose Antonio	Agosto	1.893,15

SERVIZO	RELACION	MES	TOTAL
PARQUE CENTRAL	De Aira Pereiro, Emilio a Rodriguez Souto, Jose Antonio	setembro	1.919,50
POLICIA LOCAL	De Aballe Gonzalez Manuel a Vivero Mijares Juan Guillermo	setembro	50.066,93
POLICIA LOCAL (Festv/Noct H exceso)	DeAlonso Iglesias Mariano a Villar Miguelez, Manuel	setembro	1.572,71
POLICIA LOCAL (ASISTENCIA XULGADOS)	De Aguado Taboada, Manuel Fernando a Villar Salgueiro, Jaime	setembro	3.080,00
SEIS	De Abalde Fernandez, Carlos a Villaverde Veleiro Jose B	setembro	39.311,45
LIMPEZA	Hermida Sanmartin, Juan Jose a Lojo Pancorbo, Jose Manuel	setembro	909,65
POLICIA LOCAL (1º Tenencia Alcaldía)	Perez Costas Jose Luis e Alonso Rodriguez Juan Pablo	xullo, agosto, setembro	801,40
ALCALDIA	Costas Fernandez Basilio e Rocha Parames Cesareo	setembro	420,15
PARQUE MOBIL	De Alonso Iglesias Manuel a Vulcano Ferreira J Genaro	setembro	2.231,79
		TOTAIS	107.640,24

os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 107.640,24 € , con cargo a partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.

34(2015).- CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN DE VALORACIÓN DA PROVISIÓN DE PRAZAS DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS. EXPTE. 17811/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización, do 31.10.07, conformado pola xefa da Unidade de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

“PRIMEIRO.- Constituir unha comisión especial de valoración para a provisión de catro prazas de Suboficial e catro prazas de Cabo do Servizo de Extinción de Incendios, encargada de efectuar a proposta de nomeamento de funcionarios de carreira do Servizo de Extinción de Incendios, ós aspirantes que tendo aprobada a oposición e foron nomeados funcionarios en prácticas, superasen o curso selectivo previsto na base VI da convocatoria, que estará integrada polos seguintes membros:

Presidente: O Concelleiro-delegado de Seguridade e Mobilidade, por delegación do Sr. Alcalde.

Secretario: D. Lucio Camilo Varela Borreguero, técnico de administración xeral do Concello.

Vocais: D. Guillermo Domínguez López, oficial do Servizo de Extinción de Incendios.

D. Manuel Sánchez Sánchez e D. José Miguel Cortés Bautista, en representación do Comité de Persoal.

SEGUNDO.- Constituir unha comisión especial de valoración para a provisión de catro prazas de Bombeiro e unha de conductor-bombeiro do Servizo de Extinción de Incendios, encargada de efectuar a proposta de nomeamento de funcionarios de carreira do Servizo de Extinción de Incendios, ós aspirantes que tendo aprobada a oposición e foron nomeados funcionarios en prácticas, superasen o curso selectivo previsto na base VII e VIII da convocatoria, integrada polos seguintes membros:

Presidente: O Concelleiro-delegado de Seguridade e Mobilidade, por delegación do Sr. Alcalde.

Secretario: D. Gustavo Rodríguez Bartol, técnico de administración xeral do Concello.

Vocais: D. Guillermo Domínguez López, oficial do Servizo de Extinción de Incendios.

D. Fernando Grossi Martínez e D. Modesto Vázquez Pazó, en representación do Comité de Persoal.

35(2016).- MODIFICACIÓN DO DOMICILIO SOCIAL DA XUNTA DE COMPENSACIÓN PERI II-05 ROCIO. EXPTE. 4769/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do 18.10.07, conformado polo xefe de Planeamento e Xestión, que di o seguinte:

A Xunta de Compensación do PERI II-05 Rocío foi constituída por escritura pública autorizada polo Notario de Vigo, don José Rueda Pérez de data 10.02.03, número 258 do seu protocolo. A mesma foi aprobada polo Consello da XMU o 10.04.03 e inscrita no Rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras co número 08/03, mediante resolución do Ilmo. Sr. Director Xeral de Urbanismo da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia de 27.05.03.

O 28 de agosto de 2007 o Presidente da Xunta de Compensación presenta dous escritos nos que se poñe de manifesto o seguinte: "(...) Que en la Asamblea General de la Junta de Compensación del PERI II-05 Rocio, de Vigo, celebrada el 31-7-2007, se adoptó, entre otros, el acuerdo de modificar el domicilio social de la Junta de Compensación, pasando a ser el nuveo en Vigo, Plaza de Compostela, número 27-1ºB (CP 36201), tal y como se acredita mediante Certificación expedida por el Secretario de la Junta de Compensación, D. Francisco-Javier Estévez Cerdeira, con el Visto Bueno del anterior Presidente, D. Juan Ignacio López Espinosa. Por ello, SOLICITA: Que a través de ese Excmo Concello de Vigo se proceda a comunicar la modificación del domicilio social de la Junta de Compensación del PERI II-05 Rocío al Registro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras, dependiente de la Consellería de Ordenación del Territorio, Obras Públicas y Vivienda de la Xunta de Galicia, para su inscripción en el mismo, a los efectos previstos en el artículo 27 del Reglamento de Gestión Urbanística (...)"

En data 3 de outubro de 2007 a Dirección Xeral de Urbanismo require ó concello a subsanación remitida en relación co cambio de domicilio social por canto estima necesaria a aprobación polo Concello.

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓN XURÍDICAS.

1.- Previsión nos estatutos aprobados o 19 de decembro de 2002 polo Consello da Xerencia.- O artigo 3 dos estatutos do polígono establece como domicilio social da Xunta de compensación o de Avda. de Castela, 23-2ª izqda de Vigo. No mesmo artigo se menciona a posibilidade de que o Consello Rector sinale outro domicilio. Esta previsión é reproducida dentro das facultades previstas no Consello Rector (artigo 32.o). Polo tanto, non se trata dunha modificación dos estatutos, non obstante precisa da aprobación ou toma de coñecemento por parte do órgano municipal competente.

2.- Órgano competente para a adopción do presente acordo.- Tendo en conta o disposto no artigo 127.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local, o órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local.

Por todo elo, en atención o disposto no artigo 27 do real decreto 3.288/78, de 25 de agosto, de xestión urbanística, se propoñe a adopción do seguinte acordo:

1.- Acordar a aprobación da modificación do domicilio social da entidade urbanística colaboradora "Xunta de Compensación do PERI II-05 Rocío", sendo o novo domicilio o de " en Vigo, Plaza de Compostela, número 27-1ºB (CP 36201)", tal e como se acredita por medio da certificación expedida polo secretario da Xunta de compensación e co visto e praxe do Presidente.

2.- Notificar o presente acordo á Xunta de compensación e o Rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras para que procedan á inscripción e toma razón do cambio de domicilio.

3.- Comunicar ós interesados que contra o presente acordo cabe interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición no prazo dun mes ou, contencioso-administrativo perante o xulgado do mesmo orde de Vigo no prazo de dous meses dende á notificación do presente acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

36(2017).- MODIFICACIÓN DO DOMICILIO SOCIAL DA XUNTA DE COMPENSACIÓN DO POLÍGONO 3 DO PERI IV-01 SAN ROQUE A. Expte. 4768/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do 18.10.07, conformado polo xefe de Planeamento e Xestión, que di o seguinte:

A Xunta de Compensación do polígono 3 do PERI IV-01 San Roque foi constituída por escritura pública autorizada polo Notario de Vigo, don José Antonio Rodríguez González de data 06-10-2005, número 3077 do seu protocolo. A mesma foi aprobada pola Xunta de Goberno Local do Concello o 24-10-2005 e inscrita no Rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras co número 02/06, mediante resolución do Ilmo. Sr. Director Xeral de Urbanismo da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia de 26-01-2006

O 23 de agosto de 2007 o Presidente da Xunta de Compensación presenta dous escritos nos que se poñe de manifesto o seguinte: "(...) Que en Asamblea General de la Junta de Compensación del polígono 3 del PERI IV-01 San Roque A, de Vigo, celebrada el 3 de agosto de 2007, se adoptó, entre otros, se acordó modificar el domicilio social de la Junta de Compensación, pasando a ser el nuevo domicilio en Vigo, Plaza de Compostela, número 27-1º B (CP 36201), tal y como se acredita mediante Certificación expedida por el Secretario de la Junta de Compensación, D. D. Diego Gómez Fernández, con el Visto Bueno del Presidente, D. Juan Ignacio López Espinosa. Por ello, SOLICITA: Que a través de ese Excmo Concello de Vigo se proceda a comunicar la modificación del domicilio social de la Junta de Compensación del polígono 3 do PERI IV-01 San Roque A al Registro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras, dependiente de la Consellería de Ordenación del Territorio, Obras Públicas y Vivienda de la Xunta de Galicia, para su inscripción en el mismo, a los efectos previstos en el artículo 27 del Reglamento de Gestión Urbanística (...)"

En data 3 de outubro de 2007 a Dirección Xeral de Urbanismo require ó concello a subsanación remitida en relación co cambio de domicilio social por canto estima necesaria a aprobación polo Concello.

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓN XURÍDICAS.

1.- Previsión nos estatutos aprobados o 19 de decembro de 2002 polo Consello da Xerencia.- O artigo 3 dos estatutos do polígono establece como domicilio social da Xunta de compensación o de Avda. de Castelao, 23-2ª izqda de Vigo. No mesmo artigo se menciona a posibilidade de que o Consello Rector sinale outro domicilio. Esta previsión é reproducida dentro das facultades previstas no Consello Rector (artigo 32.o). Polo tanto, non se trata dunha modificación dos estatutos, non obstante precisa da aprobación ou toma de coñecemento por parte do órgano municipal competente.

2.- Órgano competente para a adopción do presente acordo.- Tendo en conta o disposto no artigo 127.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local, o órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local.

Por todo elo, en atención o disposto no artigo 27 do real decreto 3.288/78, de 25 de agosto, de xestión urbanística, se propoñe a adopción do seguinte acordo:

1.- Acordar a aprobación da modificación do domicilio social da entidade urbanística colaboradora "Xunta de Compensación do polígono 3 do PERI IV-01 San Roque A", sendo o novo domicilio " en Vigo, Plaza de

Compostela, número 27-1º B (CP 36201)", tal e como se acredita por medio da certificación expedida polo secretario da Xunta de compensación e co visto e praxe do Presidente.

2.- Notificar o presente acordo á Xunta de compensación e o Rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras para que procedan á inscrición e toma razón do cambio de domicilio.

3.- Comunicar ós interesados quq contra o presente acordo cabe interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición no prazo dun mes ou, contencioso-administrativo perante o xulgado do mesmo orde de Vigo no prazo de dous meses dende á notificación do presente acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

37(2018).- SOLICITUDE Ó INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO DE AUTORIZACIÓN PARA A CONSTRUCCIÓN DA RAMPA NA ZONA AXARDINADA DE COIA. EXPTE. 53593/250.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, conformado pola concelleira delegada da Área de Servizos Xerais, que di o seguinte:

A solicitude de Dna. Dolores López Calvo, con DNI 35.995.331-D e domicilio na rúa Caldas de Reis 20, 3º dereita, no sentido de realizar unha rampa nas escaleiras que dan ao edificio nº 20 da mencionada rúa deu orixe ao expte. 53593/250.

Con data 21 de setembro foi emitido informe relativo ás zonas axardinadas do polígono de Coia, no sentido de non estar suficientemente clara a súa titularidade.

En dito informe comentábase a posibilidade de estudar a execución da rampa ocupando a metade das escaleiras, pero o desenvolvemento que require desaconsella esta opción por falta de espazo, polo que debe ocuparse zona axardinada, podendo realizarse os traballos polo Taller de Vías e Obras.

Tendo sido solicitado a Patrimonio Municipal o informe que obra no expediente, ratifica que non figuran de alta no Inventario Municipal as zonas axardinadas na rúa Caldas de Reis.

Posteriormente teñen sido remitidas pola solicitante, actas das comunidades de veciños nº 16, 18 e 20 da rúa Caldas de Reis dando a súa conformidade para a execución da rampa mencionada.

Dado que os posibles titulares deste solo serían ben as Comunidades de Propietarios, ben o Concello de Vigo ou ben o Instituto Galego de Vivenda e Solo, e tendo a conformidade do Concello e Comunidades de Veciños, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º. Solicitar autorización para a execución da rampa na zona axardinada ao Instituto Galego de Vivenda e Solo, outorgando o prazo legalmente establecido de 10 días no artigo 83 da Ley de Réxime Xurídico e Procedemento Administrativo Común, para evacuación do correspondente informe.

2º. Condicionar a execución da rampa solicitada ao resultado do informe do I.G.V.S., acometendo as obras no caso do informe favorable, ou ben no caso de que trascurrido o prazo que lle foi conferido, non se obtivese resposta de dito Organismo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

38(2019).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A ARYEREP S.L. POR OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA CUN ANDAMIO NA RÚA LUIS TABOADA, 26 LATERAL R/PABLO MORILLO. EXPTE. 27227/511.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 24.10.07, conformado pola concelleira delegada de Vías e Obras, que di o seguinte:

Con data 19 de setembro de 2007, autorizouse a ARYEREP, S.L. con núm. de expdte. 53550/250, a ocupación da vía pública cun andamio 10 m2. na r/ Luis Taboada, 26 lateral r/ Pablo Morillo, 6, constituindo unha fianza de tres mil euros (3.000 €), con número de operación 200700053610 de data 19-09-2007.

Con data 11 de outubro de 2007, o departamento de Administración de Tributos, (Tributos Especiais), indica que xa tomou nota da Baixa da ocupación da vía pública, con efectos de 9 de outubro de 2007, e o remite a iste Servicio os efectos da devolución da fianza.

No informe da inspección feita con data 23 de outubro de 2007, comprobouse que o andamio foi retirado da vía pública e o pavimento quedou en perfectas condicións.

Polo que se PROPON:

Proceder á devolución da fianza de tres mil euros - (3.000 euros), a favor de ARYEREP, S.L.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

39(2020).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE FUNCIONARIOS EN PRÁCTICAS CON CARGO A PRAZAS DE OFICIAL DO CORPO DA POLICÍA LOCAL POLA QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA. EXPTE. 17812/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización, do 5.11.07, conformado pola xefa da Unidade de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Nomear funcionarios/as en prácticas, con cargo a nove prazas vacantes de Oficial do Corpo da Policía Local, pola tanda de promoción interna, ós seguintes aspirantes propostos polo Tribunal Cualificador e que obtiveron ás máximas cualificacións nas probas selectivas do proceso selectivo da referida oposición e que son os que deseguido se indican:

- 1º.- D. JOSE ARMANDO GARCIA VEIRO, D.N.I 36.092.316-A, que obtivo un total de 72,91 puntos.
- 2º.- D. JULIO CASAL PIÑEIRO, D.N.I. 36.062.660-V, que obtivo un total de 64,96 puntos.

- 3º.- D. JOSE LUIS BLAS FONDOS, D.N.I 36.022.562-P, que obtivo un total de 64,01 puntos.
- 4º.- D. FRANCISCO JOSE VILA CAMPOS, D.N.I. 36.098.822-T, que obtivo un total de 62,86 puntos.
- 5º.- D. Mª. TERESA SALGADO GONZALEZ, D.N.I 36.074.940-S, que obtivo un total de 61,85 puntos.
- 6º.- D. SANTIAGO JESUS MARTINEZ PARDO, D.N.I. 36.096.616-W, que obtivo un total de 61,61 puntos.
- 7º.- D. JOSE MANUEL AMOEDO BLANCO, D.N.I 76.986.501-G, que obtivo un total de 60,71 puntos.
- 8º.- Dª. MARIA DE LOS ANGELES GARRIDO DOMÍNGUEZ, D.N.I. 36.088.923-Z, que obtivo un total de 57,19 puntos.
- 9º.- D. JUAN RAMON FERNANDEZ SOTELO, D.N.I. 36.035.296-T, que obtivo un total de 56,39 puntos.

Segundo.- En tanto realizan o curso teórico-práctico, percibirán como retribucións o importe do soldo inicial, agás que os nomeados xa viñesen desenvolvendo un cargo na Policía Local deste Concello, como neste caso, polo que continuarán percibindo as retribucións que ata o día de hoxe teñen recoñecidas (neste caso as do posto nº 134 –garda-), que foron solicitadas polos nove aspirantes con esta mesma data.

Terceiro.- Ós/ás aspirantes nomeados/as deberán tomar posesión da súa praza como funcionarios/as en prácticas con efectos de 5 de novembro de 2007, quedando supeditada a súa toma de posesión como funcionarios/as de carreira a que superen o curso teórico-práctico contemplado nas bases específicas da convocatoria.

40(2021).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e sete minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.